Sobre os datos referentes á execución das obras de reforma da rectoral de Santo André de Camporredondo (Ribadavia) para a creación nela do Museo Galego do Viño, a implicación e o investimento previsto pola Consellaría do Medio Rural neste proxecto, a función que vai desenvolver dentro do sector e o seu contido e posta en funcionamento

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura.

- 07/POC-1513(17037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Parga, Carlos Fernando e Parga Núñez, Manuel

Sobre as obras de reforma contratadas no instituto Concepción Arenal de Ferrol, o seu importe e o seguimento da súa execución, así como o prazo previsto para o arranxo dos defectos detectados

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura.

- 07/POC-1548(16994)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e 6 deputados máis

Sobre a remisión de medios e persoal para afrontar a campaña contra incendios no ano 2007, anunciada polo Sr. ministro do Interior na súa visita a Galicia

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

- 07/POC-1549(16995)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e 6 deputados máis

Sobre as funcións concretas que van levar a cabo os voluntarios nos montes de Galicia na vindeira campaña contra incendios e a súa capacitación

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

- 07/POC-1514 (17162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e González Mariñas, Pablo

Sobre os problemas de transporte causados en Lousa (Cereda) polo transporte por estrada de carbón con destino a Lignitos de Meira, S.A. (Limeisa)

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

- 07/POC-1516(17176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 4 deputados máis

Sobre os concellos cos que se van asinar convenios para acometer actuacións de limpeza perimetral dos núcleos rurais antes do inicio da época de máximo risco de incendios forestais e a súa función, a realización desas tarefas e as medidas previstas respecto das fincas privadas en claro estado de abandono



A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

- 07/POC-1517(17177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Soneira Tajés, María Soledad e 4 deputados máis  
Sobre o ámbito territorial e a temporalidade dos servizos de vixilancia que van prestar os voluntarios nos montes galegos, a súa dependencia orgánica e os protocolos de actuación establecidos para estes diante das posibles casuísticas que poden xurdir

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

- 07/POC-1518(17181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Cajide Hervés, María del Carmen e 2 deputados máis  
Sobre a valoración da Consellería do Medio Rural respecto da agricultura ecolóxica en Galicia, as actuacións levadas e previstas para fomentar e promover tanto o consumo deses produtos coma a ese sector e os datos referentes á súa estrutura actual

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

- 07/POC-1519(17182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Cajide Hervés, María del Carmen e 2 deputados máis  
Sobre o criterio de Agader respecto da aplicación do enfoque Leader en Galicia, os grupos que están a actuar para esa finalidade e a súa valoración na nova convocatoria 2007-2013

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

- 07/POC-1520(17262)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Ruíz Rivas, Manuel Santos  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo dos pantaláns do Porto de Riveira e a indemnización aos

mariñeiros accidentados a causa do estado destes, o uso nas súas instalacións portuarias do dispositivo de cámaras de vixilancia ofrecido polo Concello e os seus proxectos para potenciar ese porto

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

- 07/POC-1521(17264)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Gómez Alonso, Alejandro e López-Chaves Castro, Ignacio Javier  
Sobre as medidas concretas previstas polo Goberno galego para solucionar os problemas de tráfico e a accesibilidade de Vigo, así como da súa área de influencia

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

- 07/POC-1522(17265)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Gómez Alonso, Alejandro e Bernardo Tahoces, Ángel  
Sobre a posición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes respecto da proposta dos traballadores da empresa mineira Ramsa relativa a un cambio de trazado do TAV Santiago-Ourense, ao seu paso por Vedra e Boqueixón

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

- 07/POC-1523(17281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre a situación de conflito laboral que se vive no Servizo de Gardacostas de Galicia

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo.

- 07/POC-1524(17283)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Besteiro, Manuela e 2 deputados máis

Sobre os datos referentes á realización dos “almorzos saudables” nos centros educativos e as previsións do Goberno galego respecto da súa xeneralización en toda a Comunidade Autónoma

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura.

- 07/POC-1525(17284)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Besteiro, Manuela

Sobre a invitación polo Sr. alcalde de Lugo aos directores e profesores dos centros educativos da cidade a asistir a unha “Festa da cidadanía” o día 25 de xaneiro

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura.

- 07/POC-1526(17338)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Abella, Susana e Rodríguez Arias, Marta

Sobre a divulgación no Diario Oficial de Galicia de datos persoais dos beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se establecen axudas individuais para o tratamento de drogodependencias

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

- 07/POC-1527(17339)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Abella, Susana e 2 deputados máis

Sobre a situación na que se atopa o seguimento e a coordinación das accións recollidas no protocolo de creación e constitución de Sogaserro, S.A., os prazos previstos para acordar a localización dos centros residenciais, o inicio das obras e a súa posta en funcionamento

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e a súa cualificación como pregunta con resposta oral ante a Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2007

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>

#### 4.3.3. Preguntas para resposta por escrito

##### Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión

A Mesa do Parlamento, na reunión do 12 de febreiro de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Admisión reconversión pregunta oral:

- 07/PRE-5097 (8867)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Parga Núñez, Manuel e Vega Buxán, María Xosé

Sobre a rolda este de Lugo

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa reconversión en pregunta con resposta oral en Comisión, según solicitado no doc. núm. 17363 Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Petición reconversión en pregunta oral: Doc. núm. 17363

- 07/PRE-5967(11937)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Parga Núñez, Manuel

Sobre a problemática derivada do crecemento do número de vivendas de segunda residencia no Concello de Barreiros en relación co servizo de Correos  
BOPG núm. 192, do 07.09.2006

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa reconversión en pregunta con resposta oral en Comisión, según solicitado no doc. núm. 17363

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Petición reconversión en pregunta oral: Doc. núm. 17363

- 07/PRE-7253(14167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Parga Núñez, Manuel

Sobre as actuacións de limpeza, rexeneración e posta en valor levadas a cabo e previstas no río Masma e a valoración do Goberno galego respecto do seu estado de conservación

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa reconversión, según solicitado no doc. núm. 17363, en pregunta con resposta oral en Comisión.

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Petición reconversión en pregunta oral: Doc. núm. 17363

- 07/PRE-7263(15423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Parga Núñez, Manuel

Sobre as previsións de revisións de licencias concedidas no Concello de Foz e a apartura de algún expediente en relación coas mesmas, no período que vai entre xaneiro e maio de 2006

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa reconversión, según solicitado no doc. núm. 17363, en pregunta con resposta oral en Comisión.

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Petición reconversión en pregunta oral: Doc. núm. 17363

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2007

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>

## 9. Informacións e correccións de erros

### 9.2. Correccións de erros

#### Corrección de erros no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 287, do 14 de febreiro de 2007

Apreciado un erro de composición no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 287, do 14 de febreiro de 2007 procedese a súa corrección non seguintes termos:

Páxina 45132

Onde dí::

“4.2. Interpelacións”

Debe dicir:

“4.3 Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

4.3.1.1. Preguntas urxentes”

Onde dí:

“4.3. Preguntas

4.3.2. Preguntas orais en Comisión”

Debe dicir:

“4.3.2. Preguntas orais en Comisión”

Páxina 45136

Onde dí::

“4.2. Interpelacións

Interpelacións polo procedemento de urxencia”

Debe dicir:

“4.3 Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

4.3.1.1. Preguntas urxentes”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2007

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2007 13:02  
Nº Rexistro: 16961  
Data envío: 02/02/2007 13:02:03

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en pleno, relativa á despenalización da interrupción voluntaria do embarazo.

A interrupción voluntaria do embarazo no Estado Español non se atopa regulada de xeito positivo, senón que se despenaliza nos tres supostos contemplados na Lei Orgánica 9/1985:

- a) evitar un grave perigo para a vida ou a saúde física ou psíquica da nai; b) se o embarazo é consecuencia dun feito constitutivo dun delito de violación, previamente denunciado;
- c) presunción de graves taras físicas ou psíquicas do feto.

Esta regulación é do punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, claramente insuficiente e provoca efectos perversos. É insuficiente en canto o aborto non está despenalizado, senón que se exclúen só tres supostos, alongándonos das normativas máis avanzadas nesta materia. A decisión sobre a interrupción do embarazo non recae nas mulleres, senón que esta decisión trasládase a axentes externos (xuíces e médicos) que actúan cunha ampla marxe de discrecionalidade que se revela en gravemente discriminatoria.

No caso da Galiza, a actuación do anterior goberno provocou unha privatización da interrupción voluntaria do embarazo, converténdose en anécdota os abortos realizados na sanidade pública, con graves prexuízos para aquelas mulleres con



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/02/2007 13:02  
**Nº Rexistro: 16961**  
Data envío: 02/02/2007 13:02:03

menos recursos económicos. É de salientar o compromiso do goberno conformado polo BNG e PSOE de dar pasos cara a garantir que nos supostos previstos legalmente, estes se realicen dentro do territorio galego e na sanidade pública.

Segundo os datos oficiais no ano 2001 rexistráronse na Galiza 2.508 interrupcións voluntarias do embarazo. Para o 2002 está cifra sitúase xa en 2619. No ano 2005 (último do que dispoñemos cifras) o total situouse en 3123 episodios. A pesar de que a taxa de IVE na Galiza é a metade que a media estatal, o número de casos vai en aumento. Cumpre sinalar que case a metade de IVEs foron realizadas en menores de 25 anos e un 12% en menores de 18 anos.

As e os detractores da posibilidade de ampliar e modernizar o marco legal nesta materia aluden a cuestión de moralidade. Non cremos nós que a función dos poderes públicos sexa o control da moral. Moi ao contrario opinamos que non se debe frivolar con este asunto. A decisión de continuar ou non cun embarazo é unha decisión íntima e persoal, difícil para calquera que a teña que afrontar. Nese contexto o papel das administracións debe ser o de respecto e apoio á decisión tomada.

A despenalización do aborto non implica ningunha obriga para ninguén, é en todo caso un dereito para que quen o estime ou considere poda utilizado. Por outra banda, a propia historia pon de manifesto que se veñen realizando desde hai moito tempo, con independencia da súa consideración desde o ámbito legal; poñendo ademais de manifesto que naqueles lugares onde está prohibido, provoca maiores riscos para a vida das mulleres. Segundo a Federación de Planificación Familiar de España no mundo cada ano realízanse 46 millóns de abortos, dos cales 19 practícanse en condicións de risco e o 95% de abortos inseguros fanse en países en



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/02/2007 13:02  
**Nº Rexistro: 16961**  
Data envío: 02/02/2007 13:02:03

desenvolvemento. Tamén denuncian que no Estado Español un 95% dos abortos son realizados en clínicas privadas, tendo que costéalos as propias mulleres.

Non debemos perder de vista que non é un dato positivo o incremento do número de abortos. O obxectivo debe ser sempre evitar este tipo de situacións. O coñecemento científico ten avanzado neste campo o suficiente para evitar unha grande parte de embarazos non desexados. É necesario desenvolver estratexias que afonden no uso de métodos anticonceptivos entre o conxunto da poboación galega.

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) ten presentado diferentes iniciativas para dotar ao Estado Español dunha lexislación positiva sobre o aborto, descriminalizando a súa práctica e situándonos na tónica xeral da maioría dos países do entorno europeo.

Polo exposto, presentase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do estado a fin que se inicie o proceso que culmine coa remisión ás Cortes Xerais do Estado dunha reforma da Lei Orgánica 9/1985, sobre a Interrupción Voluntaria do Embarazo, no sentido de establecer unha lei de prazo que garanta o dereito das mulleres a decidiren libre e voluntariamente a respecto da interrupción do seu estado de embarazo, até as 16 primeiras semanas de xestación, na rede sanitaria pública e efectuada con todas as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2007 13:02  
Nº Rexistro: 16961  
Data envío: 02/02/2007 13:02:03

garantías, sen que motivos de obxección de conciencia poidan impedir ou limitar este dereito.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2007.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/02/2007 13:01:10**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 02/02/2007 13:01:18**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa da deputada e deputados Beatriz Mato Otero, Carlos Negreira Souto e José Manuel Balseiro Orol, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

### Exposición de Motivos

Na actualidade, para o desenvolvemento de calquera actividade profesional fai falla pasar un recoñecemento médico que acredite a capacidade da persoa para o desenrolo da mesma.

No mundo do mar, igual que no resto de actividades, tamén e preciso pasar por uns recoñecementos par poder, pro exemplo enrolarse nunha embarcación. Tal e así que os mariñeiros están obrigados a pasar por uns recoñecementos médicos anuais o bianuais en función do criterio do médico.

Estes recoñecementos están feitos e pagados polo Instituto Social da Mariña. De feito, incluso o ISM de A Coruña tiña asinado un convenio cun Hospital da cidade para que aquelas probas que non puideran facer os médicos do ISM, e que foran necesarias para completar o recoñecemento médico dos mariñeiros se fixeran no hospital.

Sen embargo hai unha actividade profesional do mar, os buzos profesionais, como por exemplo os dedicados a extracción do ourizo, cuxos recoñecementos médicos non son subvencionados. A ninguén de nos se nos escapa a perigosidade de esta actividade, así como a ninguén de nos se nos escapa que as condicións físicas que debe ter un profesional do buceo son moito mais específicas que as de calquera outra actividade. Os seus recoñecementos médicos son mais complexos e polo tanto máis caros.



Tratándose de unha actividade profesional mais do mar, e tendo en conta a súa complexidade o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa a Administración Estatal, ao Instituto Social da Mariña, para que ca maior axilidade posible, e para aqueles profesionais do buceo en activo, se subvencionen os recoñecementos médicos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade profesional e se realicen nas Delegacións do ISM máis próximas a sede de cada Confraría”.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 08/02/2007 10:50:05**

**Beatriz Mato Otero na data 08/02/2007 10:50:19**

**Carlos Negreira Souto na data 08/02/2007 10:50:28**

**José Manuel Balseiro Orol na data 08/02/2007 10:50:37**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa da deputada e deputados Carlos Negreira Souto, Beatriz Mato Otero e José Manuel Balseiro Orol, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

## Exposición de Motivos

E de todos coñecido a existencia do furtivismo no sector pesqueiro. E unha lacra a combater e polo tanto, a loita contra o furtivismo evidentemente debería absorber gran parte dos esforzos e os medios que o Goberno ten o seu alcance para, na medida do posible, erradicalo.

Dentro de ser un problema xeneralizado o longo de toda a costa galega e ben certo que existen unhas zonas onde o problema é mais grave.

A intensidade e a impunidade ca que traballan os furtivos na Ría do Burgo na Coruña foi denunciada infinidade de veces por este grupo parlamentario. A desidia, o abandono e a indiferenza que as Administracións, con competencia na resolución deste problema, amosaron durante todo o ano pasado, fixeron que tanto o colectivo de mariscadoras e mariscadores a píe como o de a flote botaranse a rúa en manifestación para denunciar de forma contundente, a situación na que se atopaban.

Agora semella que outra situación semellante estase a producir noutro sitio da cidade. Falamos do incremento desmesurado que o longo de este pasado ano tivo o furtivismo nas pedras de percebe da zona do Portiño.

Tratase de furtivos, nenos e xoves principalmente, de un asentamento ubicado na zona e moi próximo as pedras que de un tempo a esta parte incrementaron a súa actividade furtiva sendo cada vez mais os que baixan as pedras.

Isto está a provocar non só enfrontamentos entres os profesionais e os furtivos, co perigo que isto ten, senón o esgotamento do banco marisqueiro ca desaparición da cría do percebe o cal augura moi mal futuro para o plan de explotación deste recurso.

E necesario que as Administración con competencia eviten que nesta zona ocorra o que se está a dar na Ría do Burgo. Non se pode deixar “colonizar” as pedras do percebe do Portiño polos furtivos, enraizando unha actividade ilícita que logo será moi difícil de erradicar.

Como na Ría, falamos tamén de un asentamento, falamos de nenos facendo unha actividade ilegal, falamos de enfrontamentos....

En relación o problema da Ría do Burgo, fixéronse declaracións por parte dos gobernantes. Segundo eles o problema xa non era de furtivismo senón un problema de orde publico ou problema de carácter social.

Chámese como se chame o problema está aí e agora sumase outro mais. E xa vai sendo hora de que alguén exerza as súas responsabilidades, se comprometa e lidere a loita contra o furtivismo polo ben deses colectivos, mariscadores e percebeiros, que representan mais de 200 familias.

Entendemos que inciden moitos factores na súa resolución e por elo o grupo popular, nun ánimo absolutamente construtivo, polo ben do sector afectado, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Dotar dun servizo da Policía Autonómica para que, en coordinación co Servizo do Gardacostas, participe nas labouras

de vixilancia e loita contra o furtivismo principalmente no ámbito territorial da Confraría.

2º.- Que inste ao Concello da Coruña a que, urxentemente, poña en práctica, de verdade, un plan de reinserción das familias dos asentamentos que se atopan nas proximidades da Conserveira Celta e nas pedras do Portiño, co fin último de que o asentamento desapareza da zona.

3º.- Que inste a Delegación do Goberno solicitando a colaboración programada da Guarda Civil do Mar coordinada co servizo de Gardacostas e a policía autonómica.

4º.- Que inste á Delegación do Goberno unha atención principal por parte da policía nacional no lugar dos asentamentos de xeito que sexa frecuente a presenza dunha patrulla da policía nacional nas zonas.

5º.- Crear unha mesa de traballo ou comisión, liderada pola Consellería de Pesca, que reunirase periodicamente para articular dun xeito coordinado as medidas a adoptar por cada organismo na loita contra o furtivismo na cidade da Coruña. A Citada comisión debería estar composta, a lo menos, pola Consellería de Pesca, a Consellería de Presidencia, o Concello, a Delegación do Goberno representado polos corpos da Garda Civil e da Policía Nacional e a Confraría de Pescadores de A Coruña.

Parlamento de Galicia, 1 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 06/02/2007 11:29:03**

**Carlos Negreira Souto na data 06/02/2007 11:29:19**

**Beatriz Mato Otero na data 06/02/2007 11:29:29**

**José Manuel Balseiro Orol na data 06/02/2007 11:29:44**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa dos deputados Beatriz Mato Otero, Carlos Negreira Souto e José Manuel Balseiro Orol, ó abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Nestes días, os colectivos do mar afectados polas obras do Porto Exterior de Punta Langosteira pertencentes a Confraría de Pescadores de A Coruña, manteñen un encerro indefinido nas vías de acceso as obras do Porto, impedindo a entrada e saída de camións á obra.

A situación da abandono e desidia que por parte das Administracións, tanto a Central como a Autonómica, están a manter con estas persoas, dende hai moito tempo, fai que agora, irremediabilmente, se vexan abocados a tomar medidas mais contundentes e nada desexables por ninguén esixindo as administracións que se cumpran as súas reivindicacións.

O grupo Parlamentario Popular fíxose eco da súas peticións e por elo, levou o Pleno do Parlamento de Galicia do 23 de marzo do 2006 unha Proposición non de Lei instándolle a Xunta , entre outras cousas, a que demandara ao Estado o pagamento das indemnizacións antes de que rematar maio do 2006 e a creación de unha mesa na que participara o sector e na que se plantexaran outras alternativas de traballo para esta xente.

A iniciativa foi aprobada por unanimidade, logo o Parlamento deu traslado a Xunta da petición feita.

O certo e que a día de hoxe a situación está igual que hai un ano. Os percebeiros, membros da baixura, os ouriceiros, os recolectores de algas....seguen estar a cobrar as indemnizacións que lle corresponden.. Sen embargo os recursos, e debido a evolución das obras e a contaminación que provocan, están peor.

Mentres, e aínda que o Parlamento instou a Xunta a que pagaran as indemnizacións antes do mes de maio do 2006, o Presidente

de Autoridade Portuaria de A Coruña xustificaba o seu retraso alegando que para poder levar a diante o expediente de responsabilidade patrimonial deste colectivo, precisábase un informe do Consello de Estado polo que en setembro, e segundo as súas palabras, remitiu o informe ao citado organismo.

O certo é que o informe non chegou daquela ao citado organismo e aínda mais, a día de hoxe, o Consello de Estado non está nin avaliando nin informando o expediente xa que non está completo administrativamente.

A realidade amosa que os ingresos destes traballadores do mar víronse claramente reducidos o longo do ano 2006, escasean os recursos e mentres teñen que soportar os retrasos administrativos e os pretextos que ben una Administración ou outra lles pon facendo eles fronte a unha situación económica cada vez mais difícil de soportar.

Tendo en conta a situación de abandono e desidia que por parte das Administracións están a sufrir este colectivo de afectados, faise necesario presentar esta Proposición non de Lei.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que:

1.- Urxentemente, e ante a falta de resposta da Administración do Estado, a Xunta adiante o pagamento do importe das indemnizacións que lles corresponde aos traballadores do mar afectados polas obras do porto de Punta Langosteira.

2.- Se dirixa a Administración do Estado esixíndolle o pagamento urxente das citadas indemnizacións.

3.- Os membros da Xunta pertencentes ao Consello de Administración da Autoridade Portuaria de A Coruña plantexen e esixan na próxima reunión do Consello o pagamento das indemnizacións.

4.- Reúna urxentemente, a Mesa de Traballo formada entre a Consellería de Pesca e a Confraría para definir e executar as medidas necesarias que permitan os traballadores afectados optar a outras alternativas reais de traballo no mar.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro do 2007


**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 02/02/2007 9:47:45**

**Beatriz Mato Otero na data 02/02/2007 9:47:54**

**Carlos Negreira Souto na data 02/02/2007 9:48:00**

**José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2007 9:48:08**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/02/2007 10:17  
**Nº Rexistro: 16940**  
Data envío: 02/02/2007 10:17:48

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano** e **Pablo González Mariñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu tratamento en **Comisión**, acerca da variación da proposta de trazado do AVE entre A Coruña e Ferrol, contida no estudo informativo e de efectos ambientais elaborado polo Ministerio de Fomento.

A nova proposta de trazado do AVE entre A Coruña e Ferrol contida no estudo informativo e de efectos ambientais elaborado polo Ministerio de Fomento ameaza con provocar un gravísimo impacto ambiental, social e patrimonial no Concello de Cambre. Con efecto, malia o trazado afectar gravemente á Fraga de Cecebre (descrita na proposta de Fomento como masa forestal de piñeiros e eucaliptos, obviando a súa cualificación como recinto de especial protección polos seus valores paisaxísticos, históricos e culturais, cualificado agora, de conformidade coa Lei de Patrimonio Cultural de Galiza, como Ben de Interese Cultural) e á zona húmida, tamén protexida, da Telleira e, en xeral, toda a franxa de protección do cauce do río Mero igualmente amparada polas Normas Subsidiarias vixentes, o Estudo de Impacto Ambiental elude mencionar estes elementos e as catalogacións que os protexen, o que constitúe un grave defecto que debería motivar, por si só, a invalidez do estudo e a necesidade de proceder á elaboración dunha nova proposta de trazado.

Para alén do anterior, o estudo informativo prevé que a construción da nova liña de AVE conleve a eliminación da vía actual entre Casablanca, n'A Coruña, e Guísamo, no Concello de Bergondo, impedindo deste xeito o seu aproveitamento para a posta





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/02/2007 10:17  
**Nº Rexistro: 16940**  
Data envío: 02/02/2007 10:17:48

en andamento do servizo ferroviario de cercanías tan necesario para a comarca coruñesa e tan demandado desde diferentes instancias políticas e sociais. Sen irmos máis lonxe, faise difícil entender como é que o Ministerio de Fomento proxecta eliminar a vía ferroviaria actual ao tempo que os orzamentos do Estado para 2007 inclúen, a instancias do BNG, unha partida de 300.000 € para o desenvolvemento do transporte ferroviario de cercanías na comarca.

Así pois, á vista de canto se vén de indicar, formúlase a seguinte

### **PROPOSICIÓN NON DE LEI**


O Parlamento insta ao Goberno de Galiza a demandar do goberno español a elaboración dun novo trazado para a liña de alta velocidade entre A Coruña e Ferrol que:

- a) minimize o impacto social e ambiental, asegurando a protección dos bens e valores culturais e naturais do Concello de Cambre e do conxunto da comarca coruñesa.
- b) non elimine a vía férrea actual co fin de que sobre a mesma se poda comezar a prestar o servizo ferroviario de cercanías.

Santiago de Compostela, a 1 de Febreiro de 2007

Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P. do BNG

Pablo González Mariñas  
Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2007 10:17**  
**Nº Rexistro: 16940**  
Data envío: 02/02/2007 10:17:48

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo González Mariñas na data 02/02/2007 10:15:23**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 02/02/2007 10:15:44**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/02/2007 11:02  
**Nº Rexistro: 16945**  
Data envío: 02/02/2007 11:02:13

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Comisión, relativa a investigación do afundimento do pesqueiro “MF Díaz”, e as posibilidades de recuperación dos corpos dos mariñeiros desaparecidos.

O pesqueiro “MF Díaz” enarborando bandeira de Namibia máis pertencente a unha sociedade mixta con capital galego, incendiábase as 17:10 h. (UTC) do 8 de novembro de 2006 perto do paralelo 25 latitude Sul, a unhas 60 millas da costa Namibiana (170 millas de Walvis Bay, porto de referencia), cunha tripulación de 25 mariñeiros. O buque fúndese finalmente o día seguinte, 9 de novembro, ás 14:16 horas.

O sinistro sáldase con 3 mariñeiros desaparecidos, dos que dous son galegos e o terceiro namibiano. Esta terríbel perda de vidas humanas precisa de investigación e explicación formal, da que carecen até o momento os familiares dos desaparecidos.

Nin a empresa armadora, nin os gobernos español e namibiano, foron quen de ofrecer unha explicación cabal sobre as causas e circunstancias que rodean este sinistro, nin sobre o dispositivo que se activou para realizar os labores de salvamento e resgate, ou mesmo sobre as posibilidades de recuperación dos corpos, que previsibelmente se encontran na sala de máquinas do buque sinistrado.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/02/2007 11:02  
**Nº Rexistro: 16945**  
Data envío: 02/02/2007 11:02:13

A este respecto cumpre sinalar que, tendo en conta, a distancia á costa, así como a profundidade na que se encontra o pecio (aproximadamente 415 metros) sería tecnicamente posíbel proceder a realizar unha prospección submarina do pesqueiro afundido. O propio Estado español conta co buque de resgate submarino “Neptuno” (de titularidade pública), con base en Cartagena, e que posúe os medios precisos para a acometer accións destas características. En concreto, dispón dun complexo hiperbárico de saturación, composto por unha torreta de mergullo, túnel de transferencia e dúas cámaras hiperbáricas. Mesmo para as inmersións a grande profundidade (superior á que se encontra o pesqueiro fundido), o “Neptuno” está dotado cun robot submarino dirixido por control remoto capaz de realizar traballos de diverso tipo co seu equipamento: Cámara de video submarino, sonar, e dous brazos articulados de precisión.

Non consta que se iniciase ningunha investigación sobre este sinistro. Non se pode argüír que o buque non enarboraba bandeira española. De feito, a normativa internacional vixente en supostos como o descrito, subscrita polo Estado español, e en concreto o Subcomité de Estado de Abandeamiento (da Organización Marítima Internacional), definen claramente a necesidade de realizar unha investigación completa sobre as causas e circunstancias nas que se desenvolve o sinistro, mais aínda cando se producen perda de vidas humanas.

Non é de recibo que a única comunicación oficial que reciben os familiares dos mariñeiros desaparecidos sexa unha chamada telefónica da empresa armadora (filial do Grupo Pescanova), comunicando a triste noticia, sen ningún tipo de explicacións sobre o ocorrido. Sen comentarios.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2007 11:02  
Nº Rexistro: 16945  
Data envío: 02/02/2007 11:02:13

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español a fin de:

1.º) Realizar unha investigación completa sobre as causas e circunstancias que rodearon o incendio e afundimento do pesqueiro “MF Díaz”.

2.º) Adoptar, con carácter de máxima urxencia, as medidas precisas que permitan realizar unha prospección submariña co obxecto de inspeccionar o buque fundido e recuperar os corpos dos mariñeiros desaparecidos no caso de que efectivamente se atopen nese lugar.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2007.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado e portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 02/02/2007 11:01:14**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa da deputada e deputados Beatriz Mato Otero, Carlos Negreira Souto e José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

O sector pesqueiro da baixura é un sector fortemente dependente das Administracións no que a súa situación financeira se refire. É unha realidade que na economía do día a día dos entes que hoxe representan a práctica totalidade da baixura galega, as confrarías, o apoio económico proveniente da Consellería de Pesca é esencial para o desenvolvemento de actividades relevantes como é o traballo do biólogo para o seguimento e control dos bancos marisqueiros do ámbito da Confraría e elaboración dos Plans de Explotación, ou como o traballo de vixilancia e loita contra o furtivismo.

Si ben é certo que é desexable por todos, tanto polo sector como, supoño, por a propia Administración, e conquistar unha absoluta independencia económica do sector no que se refire as subvencións, e que o funcionamento básico destes entes non tivera dependencia algunha da entrada de diñeiro público, a realidade é outra totalmente distinta.

A día de hoxe, un retraso no pagamento de unha subvención outorgada a unha Confraría pode provocar estragos na economía da mesma. E si a isto lle engadimos retrasos no pagamento das subvencións nas vedas aos seus socios, como por exemplo o Plan de Polbo ( que aínda a día de hoxe non se rematou de aboar cando o compromiso era que estivera pagado no mes de agosto) os socios tamén teñen dificultades para facer fronte as cotas mensuais que lles pasa a Confraría.

A día do rexistro desta iniciativa, a meirande parte das Confrarías estaban sen percibir as subvencións que durante o ano 2006 lles outorgou a Consellería de Pesca. Son moitas as confrarías que xa tiveron problemas o longo do 2006 para aboar as nóminas dos seus empregados mes a mes sen ter o diñeiro provinte das subvencións. Algunhas puideron facer fronte adiantando os cartos pero outras non.

Co fin de evitar que neste ano, e en anos sucesivos, a soga afogue a economía das Confrarías o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que

1º De todas as liñas de subvención susceptibles de ser beneficiarias as confrarías, axilizar na medida do posible a súa resolución de modo que no primeiro trimestre de cada ano as confrarías coñezan de que subvencións vanse beneficiar.

2º Axilice o máximo o tramitación administrativa correspondente o pagamento desas subvencións de xeito que se podan pagar trimestralmente e nunca sobrepasando o ano en curso.

Parlamento de Galicia, 1 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 02/02/2007 11:39:46**

**Beatriz Mato Otero na data 02/02/2007 11:40:04**

**Carlos Negreira Souto na data 02/02/2007 11:40:14**

**José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2007 11:40:24**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa da deputada e deputados Carlos Negreira Souto, Beatriz Mato Otero e José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

## Exposición de Motivos

E de todos coñecido a existencia do furtivismo no sector pesqueiro. E unha lacra a combater e polo tanto, a loita contra o furtivismo evidentemente debería absorber gran parte dos esforzos e os medios que o Goberno ten o seu alcance para, na medida do posible, erradicalo.

Dentro de ser un problema xeneralizado o longo de toda a costa galega e ben certo que existen unhas zonas onde o problema e mais grave.

A intensidade e a impunidade ca que traballan os furtivos na Ría do Burgo na Coruña foi denunciada infinidade de veces por este grupo parlamentario. A desidia, o abandono e a indiferenza que as Administracións, con competencia na resolución deste problema, amosaron durante todo o ano pasado, fixeron que tanto o colectivo de mariscadoras e mariscadores a píe como o de a flote botaranse a rúa en manifestación para denunciar de forma contundente, a situación na que se atopaban.

Agora semella que outra situación semellante estase a producir noutro sitio da cidade. Falamos do incremento desmesurado que o longo de este pasado ano tivo o furtivismo nas pedras de percebe da zona do Portiño.

Tratase de furtivos, nenos e xoves principalmente, de un asentamento ubicado na zona e moi próximo as pedras que de un



tempo a esta parte incrementaron a súa actividade furtiva sendo cada vez mais os que baixan as pedras.

Isto está a provocar non só enfrontamentos entres os profesionais e os furtivos, co perigo que isto ten, senón o esgotamento do banco marisqueiro ca desaparición da cría do percebe o cal augura moi mal futuro para o plan de explotación deste recurso.

E necesario que as Administración con competencia eviten que nesta zona ocorra o que se está a dar na Ría do Burgo. Non se pode deixar “colonizar” as pedras do percebe do Portiño polos furtivos, enraizando unha actividade ilícita que logo será moi difícil de erradicar.

Como na Ría, falamos tamén de un asentamento, falamos de nenos facendo unha actividade ilegal, falamos de enfrontamentos....

En relación o problema da Ría do Burgo, fixéronse declaracións por parte dos gobernantes. Segundo eles o problema xa non era de furtivismo senón un problema de orde publico ou problema de caracter social.

Chámese como se chame o problema está aí e agora sumase outro mais. E xa vai sendo hora de que alguén exerza as súas responsabilidades, se comprometa e lidere a loita contra o furtivismo polo ben deses colectivos, mariscadores e percebeiros, que representan mais de 200 familias.

Entendemos que inciden moitos factores na súa resolución e por elo o grupo popular, nun ánimo absolutamente construtivo, polo ben do sector afectado,o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Dotar de un servizo da Policía Autonómica para que, en coordinación co Servizo do Gardacostas, participe nas labouras de vixilancia e loita contra o furtivismo, principalmente principalmente no ámbito territorial da Confraria.

2º.- Que inste o Concello de A Coruña a que, urxentemente, poña en práctica, de verdade, un plan de reinserción das familias dos asentamentos que se atopan nas proximidades da Conserveira Celta e nas pedras do Portiño, co fin último de que o asentamento desapareza da zona.

3º.- Que inste a Delegación do Goberno solicitando a colaboración programada da Guarda Civil do Mar coordinada con servizo de Gardacostas e a policía autonómica.

4º.- Que inste a Delegación do Goberno unha atención principal por parte da policía nacional no lugar dos asentamentos de xeito que sexa frecuente a presenza dunha patrulla da policía nacional nas zonas.

5º.- Crear unha mesa de traballo ou comisión, liderada pola Consellería de Pesca, que reunirase periodicamente para articular dun xeito coordinado as medidas a adoptar por cada organismo na loita contra o furtivismo na cidade da Coruña. A Citada comisión debería estar composta, a lo menos, pola Consellería de Pesca, a Consellería de Presidencia, o Concello, a Delegación do Goberno representado polos corpos da Garda Civil e da Policía Nacional e a Confraría de Pescadores de A Coruña.

Parlamento de Galicia, 1 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 02/02/2007 11:42:00**

**Carlos Negreira Souto na data 02/02/2007 11:42:15**

**Beatriz Mato Otero na data 02/02/2007 11:42:24**

**José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2007 11:42:32**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa dos deputados Beatriz Mato Otero, Carlos Negreira Souto e José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Na actualidade, para o desenvolvemento de calquera actividade profesional fai falla pasar un recoñecemento médico que acredite a capacidade da persoa para o desenrolo da mesma.

No mundo do mar, igual que no resto de actividades, tamén é preciso pasar por uns recoñecementos par poder, pro exemplo enrolarse nunha embarcación. Tal e así que os mariñeiros están obrigados a pasar por uns recoñecementos médicos anuais o bianuais en función do criterio do médico.

Estes recoñecementos están feitos e pagados polo Instituto Social da Mariña. De feito, incluso o ISM de A Coruña tiña asinado un convenio cun Hospital da cidade para que aquelas probas que non puideran facer os médicos do ISM, e que foran necesarias para completar o recoñecemento médico dos mariñeiros se fixeran no hospital.

Sen embargo hai unha actividade profesional do mar, os buzos profesionais, como por exemplo os dedicados a extracción do ourizo, cuxos recoñecementos médicos non son subvencionados. A ninguén de nos se nos escapa a perigosidade de esta actividade, así como a ninguén de nos se nos escapa que as condicións físicas que debe ter un profesional do buceo son moito mais específicas que as de calquera outra actividade. Os seus recoñecementos médicos son mais complexos e polo tanto máis caros.

Tratándose de unha actividade profesional mais do mar, e tendo en conta a súa complexidade o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de Lei:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa a Administración Estatal, ou Instituto Social da Mariña, para que ca maior axilidade posible, e para aqueles profesionais do buceo en activo, se subvencionen os recoñecementos médicos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade profesional e se realicen nas Delegacións do ISM más próximas a sede de cada Confraría.

Parlamento de Galicia, 1 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 02/02/2007 11:44:02**

**Beatriz Mato Otero na data 02/02/2007 11:44:15**

**Carlos Negreira Souto na data 02/02/2007 11:44:24**

**José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2007 11:44:37**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz e a iniciativa das súas deputadas e deputados **ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, ALBERTO SUEIRO PASTORIZA, CARMEN J. SALGADO NÚÑEZ e MARTA RODRÍGUEZ ARIAS**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI para o seu debate e votación na Comisión 7ª-Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### **Exposición de Motivos**

O Acordo sobre Bases Programáticas, asinado por socialistas e nacionalistas despois de que a cidadanía manifestara libremente, nas urnas, a súa opinión sobre os programas electorais ofertados polas forzas políticas nas Eleccións Autonómicas de 2005, recolle como obxectivo, entre outros, o seguinte:

“Comprometémonos a revitalizar o Parlamento Galego como centro da vida democrática en Galicia, achegándoo ás preocupacións cotiáns da cidadanía”.

Este compromiso, este intento de revitalizar a Cámara non pode referirse exclusivamente aos fastos vividos ou por vivir, co gallo de celebracións de determinadas efemérides.

Hai que entender que esa promesa feita –a posteriori das Eleccións, cando os cidadáns xa non poden opinar ata a próxima oportunidade, nun proceso electoral- quere ser un compromiso real, auténtico, ou así o hai que entender.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

Neste senso, imos camiño dos dous anos de legislatura e hai moitas promesas recollidas sobre o papel que non se están a cumprir na realidade.

De entre elas, hai unha que se concreta do seguinte xeito: "Elaboración dun Plan de Desenvolvemento da Agricultura Sustentable, que amplíe o actual ámbito da agricultura ecolóxica e impulse a súa expansión".

Pois ben. A día de hoxe, o goberno aínda non remitiu ao Parlamento ese Plan. Polo tanto está a faltar á súa palabra, feito que non é a primeira vez que ocorre.

Polo tanto, as deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia queren lembrarlle ao bigoberno os seus compromisos, acadados de costas á cidadanía a través dun documento, e como consecuencia, presentan a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI:

*"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a remitir ao Parlamento un Plan de Desenvolvemento da Agricultura Sustentable, co fin de que sexa coñecido polos Grupos Parlamentarios, e para que se lle poidan presentar –no seu caso- emendas e achegas".*

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 05/02/2007 16:15:50**

**Roberto Castro García na data 05/02/2007 16:16:02**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/02/2007 16:30  
**Nº Rexistro: 17029**  
Data envío: 05/02/2007 16:21:51

**María Amparo González Méndez na data 05/02/2007 16:16:07**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 05/02/2007 16:17:08**

**José Manuel Baltar Blanco na data 05/02/2007 16:17:14**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 05/02/2007 16:17:30**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 05/02/2007 16:17:35**

**Marta Rodríguez Arias na data 05/02/2007 16:17:43**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia , a través do seu Portavoz, e a iniciativa do deputado José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión.

### Exposición de motivos

A nova boia que se utiliza para a sinalización dos aparellos de palangre en augas do Gran Sol, representan certo risco. As artes de pesca levan agora boias ós seus extremos e outra intermedia, que polo seu peso e envergadura poden poñer en perigo ós mariñeiros cando as levantan ou as lanzan.

As boias, entre 2,50 e 3 metros de altura e uns trinta quilos de peso, levan no seu extremo superior un reflector de radar. Este obxecto metálico, de forma esférica, ten un mínimo de 25 centímetros de diámetro e é cortante. O problema radica en que, tanto ó recoller como ó lanzar a boia, este dispositivo queda por encima da cabeza do mariñeiro e pode golpealo se se produce algún vaivén. O risco aumenta na manobra de izado cando hai ondada, xa que o tripulante debe coller a boia coa man para traela a bordo, desde un costado, e se esta sube e baixa polos embates do mar, é fácil que a persoa que a estea collendo leve un forte golpe.

A nova medida de identificación das artes de pesca entraron en vigor o pasado 1 de xaneiro e xa produciron graves lesións a un tripulante, e posiblemente non pasará moito tempo hasta que suceda algunha desgraza máis se non se busca unha solución. Ese reflector é como unha espada de Damocles, que antes ou despois pode dar un desgusto.

Na manobra de largado do aparello, a primeira boia e a terceira pódense lanzar desde o zapón de popa, co resto do aparello, pero para



lanzar a intermedia é necesario que o mariñeiro se sitúe sobre a cuberta de popa coa única protección da varanda, incluso no caso do mal tempo, co fin de lanzar o artefacto como unha pica mentres que se larga tamén o seu chicote, duns 600 metros.

Os pescadores non se negan a cumprir a regulamentación, pero consideran que a boia debe ser modificada para evitar accidentes, xa que entenden que este tipo de arte só é operativa co mar en calma, algo que non sucede habitualmente en augas de Gran Sol.

Outro dos problemas é o seu peso, que se intentou reducir utilizando un mastro de plástico, pero rompe con facilidade, algo que tamén sucede co reflector do radar, a causa dos embates do mar.

As luces da boia lanzan destelos cada cinco segundos, algo que se considera insuficiente xa que en caso de mal tempo se moven con rapidez e pode que as vexas e que despois desaparezan e queden por detrás do barco e haxa que volver a recollela, o que obriga a atravesar o buque. O mellor sería unha luz continua ou máis rápida.

O mastro de cada boia terá unha altura mínima de 1,5 metros, que debe medirse desde a parte superior do flotador. Ademais, deben levar unha bandeira de sinalización, se vai no sector este do aparello, ou dous, se están no oeste, de 40 centímetros de lado. Cando sexa preciso colocar dúas bandeiras en cada boia, a distancia entre elas será polo menos de 20 centímetros e a distancia entre a auga e a primeira bandeira non poderá ser inferior ós 80 centímetros. Despois van unha ou dúas luces de destelos de cor amarela, cintas reflectoras e por último o reflector do radar. A altura do mastro obriga a aumentar o lastre baixo a auga e a levar a bordo máis calamentos e pedras.

En base ao exposto con anterioridade, O Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que:

- Apoie expresamente diante das institucións comunitarias as reivindicacións do sector afectado realizando tódalas xestións que procedan co fin de lograr cambiar ou modificar o Regulamento 1805/2005 para que o novo sistema de boias e de sinalización non repercuta negativamente nas condicións de seguridade e de saúde dos traballadores do mar.

Pazo do Parlamento, 05 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 06/02/2007 12:25:20**

**José Manuel Balseiro Orol na data 06/02/2007 12:25:34**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/02/2007 09:30  
Nº Rexistro: 17279  
Data envío: 07/02/2007 18:33:26

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das súas deputadas **M<sup>a</sup> Tereixa Paz Franco e M<sup>a</sup> Carme da Silva Méndez** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Comisión, relativa á necesidade de pór fin ao déficit de infraestruturas viarias na comarca de Trives.

Na actualidade atópase na fase de aprobación a declaración de impacto ambiental da autovía A-76 Ponferrada-Ourense, debendo proximamente o Ministerio de Fomento optar por un dos catro trazados sometidos a información pública.

En diversos lugares de Galiza téñense establecido moitas expectativas en relación a cal será o trazado escollido, sobre todo en comarcas que veñen padecendo historicamente un grave déficit nas súas infraestruturas e nas súas comunicacións, como é o caso de Póboa de Trives e a súa comarca.

O grupo parlamentar do BNG considera obxectivas as demandas das organizacións sociais e dos veciños e veciñas das Terras de Trives á hora de reclamar que se poña fin ao seu illamento e carencia de comunicacións. Nos últimos anos tense mellorado o trazado da estrada que une a comarca con Ourense, mais segue a existir unha grande débeda pendente como é a comunicación co Barco que é a súa vila de referencia no ámbito sanitario, administrativo, laboral...

O grupo parlamentar do BNG cre que a construción da autovía A-76, sexa cal sexa o trazado polo que definitivamente opta o Ministerio de Fomento, debe ser o



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/02/2007 09:30  
Nº Rexistro: 17279  
Data envío: 07/02/2007 18:33:26

contexto no que as diferentes administracións lle poñan fin ao déficit de comunicación viaria que padece a comarca de Terras de Trives.

Por todo o anteriormente exposto é polo que o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a que se dirixa ao Ministerio de Fomento a fin de que no ámbito da construción da autovía A-76, e con independencia da cal sexa o trazado escollido, se realicen os estudos e adopten as medidas para pór fin ao déficit de infraestruturas de comunicación viaria da comarca de Trives articulando vías de comunicación adecuadas e que cumpran as debidas condicións para pór fin á situación de illamento e incomunicación desta comarca”.


Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2007.

Asdo.: M<sup>a</sup> Tereixa Paz Franco  
M<sup>a</sup> Carme da Silva Méndez  
Deputadas do G.P. do BNG  
Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 07/02/2007 18:31:56**

**María Carme da Silva Méndez na data 07/02/2007 18:32:03**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2007 09:30**  
**Nº Rexistro: 17279**

Data envío: 07/02/2007 18:33:26

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 07/02/2007 18:32:12**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

Manuela López Besteiro, Carmen Janet Salgado Núñez e Jaime Castiñeira Broz, deputadas e deputado pertencentes ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.**

### Exposición de Motivos

A Ministra de Sanidade visitou o día 30 de xaneiro un centro educativo de Lugo onde se realizan “almozos saudables” e valorou positivamente a iniciativa porque é unha forma eficaz para combater a obesidade infantil, problema sanitario que se está a agravar de xeito exponencial segundo a visitante.

Despois, a Sra. Ministra de Sanidade “votou unha carreira” pola muralla de Lugo acompañada dos escores.

Por isto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a xeneralizar os “almozos saudables” a tódolos centros educativos durante o curso escolar”.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 08/02/2007 10:08:05**

**Manuela López Besteiro na data 08/02/2007 10:08:13**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 08/02/2007 10:08:19**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/02/2007 10:09  
**Nº Rexistro: 17282**  
Data envío: 08/02/2007 10:09:20

**Jaime Castiñeira Broz na data 08/02/2007 10:08:25**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: [gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular, a través do seu Portavoz e a iniciativa da deputada e deputado Susana López Abella e Dámaso López Rodríguez, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición non de lei en Comisión.

### Exposición de Motivos

O Pasado 10 de marzo de 2006, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os directores xerais de Caixa Galicia e Caixanova, asinaron un protocolo cuxo ámbito de colaboración “será obxecto de desenvolvemento e concreción por medio dos instrumentos que procedan ou das actuacións necesarias para a súa consecución de conformidade coa normativa vixente. En ditos instrumentos reflectirase, a dimensión e alcance da cooperación, os compromisos de toda índole que asuman as partes...”

Entre as diferentes fórmulas que no marco do presente Protocolo se recolle con carácter prioritario, a constitución, dunha Sociedade Pública, a cal adoptará a forma de Sociedade Mercantil.

Deste xeito, unha vez constituída SOGASERSO, S.A, corresponderalle, como actividade inherente o seu obxecto, a construción, equipamento e xestión de toda clase de infraestruturas destinadas a todas as actividades de carácter asistencial e social, así como de prestación de servizos...

O 28 de novembro do pasado ano, a través dunha nota de prensa publicada pola Vicepresidencia se informaba que SOGASERSO, escollera as áreas para construír as primeiras cinco residencias para maiores: Ría de Vigo – Baixo Miño, Ourense comarca, As Mariñas coruñesas – Ferrolterra, Costa da Morte e Terras de Lemos – Chantada.

Nos últimos meses dende a Vicepresidencia se veñen xerando diversas informacións nos medios de comunicación local a respecto da ubicación das distintas Residencias, chegando incluso a crear entre a poboación das distintas comarcas expectativas e mesmo desconcerto, este é o caso das Comarcas de Chantada e Val de Lemos.



Tendo en conta que Lugo é unha das Provincias máis envellecidas de Galicia, e tendo en conta ademais que Chantada e Monforte son cabeceiras de dúas das comarcas máis poboadas e a súa vez con maior índice de maiores de 65 anos, vese a necesidade de incrementar as prazas públicas residenciais necesarias para atender axeitadamente as necesidades da poboación, ademais de contribuír de un xeito decidido polo reequilibrio territorial, tantas veces aludido nos discursos dos actuais gobernantes.

Polo tanto, dende o Grupo Parlamentario Popular se considera necesario dotar axeitadamente ás comarcas do interior dos recursos necesarios, non só para atender aos nosos maiores que o necesitan no seu propio entorno xeográfico, senón tamén para xerar empregos directos e indirectos que fixen poboación nas áreas con maior risco de despoboamento.

Polo exposto anteriormente os deputados que asinan esta iniciativa presentan esta Proposición non de Lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que dende a Vicepresidencia se inicien de inmediato os trámites necesarios para dotar as Comarcas de Chantada e de Val de Lemos de cadanseu Centro Xeriátrico atendendo as necesidades reais e o interese xeral das veciñas e veciños das dúas comarcas do Sur de Lugo e a súa área de influencia.

Parlamento de Galicia, 5 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 08/02/2007 10:47:54**

**Susana López Abella na data 08/02/2007 10:48:03**

**Dámaso López Rodríguez na data 08/02/2007 10:48:13**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicita á Mesa se proceda á tramitación de **Comparecencia en Pleno do Sr. Conselleiro de Innovación e Industria**, para dar a coñecer á Cámara as actuacións que está a desenvolver para lograr a viabilidade do Plan do estaleiro vigués Barreras para a compra de parte dos activos da factoría de Navantia, S.A. en Fene.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 06/02/2007 12:08:11**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicita se proceda á tramitación da COMPARECENCIA EN PLENO da Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos.

Os deputados que asinan, solicitan a Comparecencia da Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, para que explique á Cámara o borrador do novo Plan Galego de Acuicultura que foi presentado nas pasadas datas.

Pazo de Parlamento, a 31 de xaneiro de 2006

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:01:32**

**Beatriz Mato Otero na data 07/02/2007 16:01:46**

**José Manuel Balseiro Orol na data 07/02/2007 16:01:52**

**José Fervenza Costas na data 07/02/2007 16:02:05**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:02:26**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 16:02:35**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 07/02/2007 16:02:41**

**Carlos Negreira Souto na data 07/02/2007 16:02:51**

**César Pérez Ares na data 07/02/2007 16:02:59**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 16:03:07**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:03:17**

**Enrique César López Veiga na data 07/02/2007 16:03:28**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/02/2007 16:03:42**

**Pilar Rojo Noguera na data 07/02/2007 16:03:57**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:04:03**



**Jaime Alberto Pita Varela na data 07/02/2007 16:04:09**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicita se proceda á tramitación da COMPARECENCIA EN PLENO da Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos.

Os deputados que asinan, solicitan a Comparecencia da Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, para que explique á Cámara o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña de Galicia no que se establecen as pautas de actuación que debe seguir o Executivo galego para facer fronte a situacións de loita contra a contaminación mariña e cuxo contido, e outros detalles, déronse a coñecer no transcurso dunha xuntanza mantida, en Vilagarcía de Arousa, con algúns dos representantes do sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Pazo de Parlamento, a 31 de xaneiro de 2006.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:06:47**

**Beatriz Mato Otero na data 07/02/2007 16:07:02**

**José Manuel Balseiro Orol na data 07/02/2007 16:07:10**

**José Fervenza Costas na data 07/02/2007 16:07:21**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:07:33**

**Jose Manuel Castelao Bragaña na data 07/02/2007 16:07:42**

**Jaime Alberto Pita Varela na data 07/02/2007 16:08:27**

**Xosé Cuiña Crespo na data 07/02/2007 16:08:36**

**Agustín Baamonde Díaz na data 07/02/2007 16:08:44**

**Alejandro Gómez Alonso na data 07/02/2007 16:08:51**

**César Pérez Ares na data 07/02/2007 16:09:00**

**Enrique César López Veiga na data 07/02/2007 16:09:10**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:09:24**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:09:35**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 07/02/2007 16:10:12**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro dos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara solicita Comparecencia Urxente en Pleno do Conselleiro de Traballo para explicar os acordos acadados no marco do Diálogo Social, asinado en Galicia o luns 5 de febreiro entre o Goberno galego, axentes económicos e sociais.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

### **Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:12:22**

**Agustín Baamonde Díaz na data 07/02/2007 16:12:32**

**Alberto Núñez Feixóo na data 07/02/2007 16:12:39**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 07/02/2007 16:12:44**

**Alejandro Gómez Alonso na data 07/02/2007 16:12:49**

**Ángel Bernardo Tahoces na data 07/02/2007 16:12:53**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 07/02/2007 16:12:58**

**Aurelio Domingo Miras Portugal na data 07/02/2007 16:13:03**

**Beatriz Mato Otero na data 07/02/2007 16:13:06**

**Carlos Negreira Souto na data 07/02/2007 16:13:11**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 07/02/2007 16:13:16**

**César Pérez Ares na data 07/02/2007 16:13:21**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 16:13:27**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 16:13:32**

**Enrique César López Veiga na data 07/02/2007 16:13:37**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 07/02/2007 16:13:42**

**Jaime Alberto Pita Varela na data 07/02/2007 16:13:48**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:14:08**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/02/2007 16:14:17**

**José Antonio Orza Fernández na data 07/02/2007 16:14:21**

**Jose Antonio Santiso Miramontes na data 07/02/2007 16:14:25**

**José Fervenza Costas na data 07/02/2007 16:14:29**

**José Manuel Balseiro Orol na data 07/02/2007 16:14:33**

**José Manuel Baltar Blanco na data 07/02/2007 16:14:37**

**Jose Manuel Castelao Bragaña na data 07/02/2007 16:14:41**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:14:45**

**Manuela López Besteiro na data 07/02/2007 16:14:49**

**María Amparo González Méndez na data 07/02/2007 16:14:53**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 16:14:58**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:15:02**

**Maximino Rodríguez Fernández na data 07/02/2007 16:15:06**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 16:15:11**

**Pilar Rojo Noguera na data 07/02/2007 16:15:18**

**Xesús Palmou Lorenzo na data 07/02/2007 16:15:22**

**Xosé Cuíña Crespo na data 07/02/2007 16:15:24**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 16:15:26**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 16:15:28**







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias


Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicito a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Traballo para informar "sobre o contido dos acordos recentemente asinados cos axentes sociais referidos ao novo marco de relacións laborais en Galicia".

Santiago de Compostela, 9 de febreiro 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia -ante o Pleno- do vicepresidente da Igualdade e do Benestar para informar dos "resultados da reunión que ten previsto realizar o vindeiro día 28 de febreiro co ministro de Administracións Públicas".

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Guillermo Varela Flores

Excma.Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación da **Comparecencia en Pleno do Presidente da Xunta de Galicia**, para que explique á Cámara os resultados da entrevista co **Presidente do Goberno**, que tivo lugar o pasado 6 de Febreiro no Palacio da Moncloa.

Santiago de Compostela, 12 de Febreiro de 2007

### **Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Núñez Feixóo na data 12/02/2007 17:11:29**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 12/02/2007 17:11:32**

**Roberto Castro García na data 12/02/2007 17:11:39**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 12/02/2007 17:11:49**

**Xesús Palmou Lorenzo na data 12/02/2007 17:11:55**

**Susana López Abella na data 12/02/2007 17:12:05**

**Pilar Rojo Noguera na data 12/02/2007 17:12:09**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 12/02/2007 17:12:32**

**Diego Calvo Pouso na data 12/02/2007 17:12:43**

**Carlos Negreira Souto na data 12/02/2007 17:12:47**

**Beatriz Mato Otero na data 12/02/2007 17:12:50**

**José Antonio Orza Fernández na data 12/02/2007 17:12:54**

**Agustín Baamonde Díaz na data 12/02/2007 17:13:00**

**José Manuel Balseiro Orol na data 12/02/2007 17:13:07**

**José Fervenza Costas na data 12/02/2007 17:13:23**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados asinantes, ao abeiro do disposto no artigo 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicita se proceda á tramitación da COMPARENCIA EN COMISIÓN do Secretario Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Os deputados que asinan, solicitan a Comparecencia do Secretario Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, para que explique á Cámara o borrador do novo Plan Galego de Acuicultura que foi presentado nas pasadas datas.

Pazo de Parlamento, a 31 de xaneiro de 2006.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 06/02/2007 12:19:20**

**José Manuel Balseiro Orol na data 06/02/2007 12:19:33**

**Beatriz Mato Otero na data 06/02/2007 12:19:42**

**José Fervenza Costas na data 06/02/2007 12:19:56**

**Marta Rodríguez Arias na data 06/02/2007 12:20:51**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz ao abeiro do disposto no artigo 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicita se proceda á tramitación da COMPARECENCIA EN COMISIÓN da Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos.

Os deputados que asinan, solicitan a Comparecencia Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, para que explique á Cámara o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña de Galicia no que se establecen as pautas de actuación que debe seguir o Executivo galego para facer fronte a situacións de loita contra a contaminación mariña e cuxo contido, e outros detalles, déronse a coñecer no transcurso dunha xuntanza mantida, en Vilagarcía de Arousa, con algúns dos representantes do sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Pazo de Parlamento, a 31 de xaneiro de 2006.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 06/02/2007 12:22:37**

**José Manuel Balseiro Orol na data 06/02/2007 12:22:53**

**Beatriz Mato Otero na data 06/02/2007 12:23:04**

**José Fervenza Costas na data 06/02/2007 12:23:14**



**Marta Rodríguez Arias na data 06/02/2007 12:23:26**



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



En cumprimento dunha resolución aprobada polo pleno do Parlamento de Galicia na súa sesión do 21/09/2004 pola que o mesmo “insta á Xunta de Galicia a presentar ante o Parlamento a programación anual para o desenvolvemento das medidas propostas no Plan xeral de normalización da lingua galega”, solicítase -ao abeiro do artigo 143 de Regulamento da Cámara- a comparecencia ante a Comisión 4ª, “Educación e Cultura” da secretaria xeral de Política Lingüística para expoñer “o programa operativo de medidas que a Secretaría Xeral de Política Lingüística levará adiante durante o ano 2007”.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



*Manuel Guillermo Varela Flores*

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés, Ismael Rego González, José Tomé Roca, Pablo Xabier López Vidal e Beatriz Sestayo Doce ó abeiro do disposto no artigo 144 e 98 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia en Comisión do secretario xeral de Emigración** para que dea conta dos acordos tomados no VII Pleno do IV Mandato do *Consejo General de la Ciudadanía Española en el Exterior* e a repercusión que os mesmos terán para a emigración galega.

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2007

Asdo.: M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
Ismael Rego González  
José Tomé Roca  
Pablo Xabier López Vida  
Beatriz Sestayo Doce  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 07/02/2007 11:34:28**

**Ismael Rego González na data 07/02/2007 11:34:34**

**José Tomé Roca na data 07/02/2007 11:34:44**

**Pablo Xabier López Vidal na data 07/02/2007 11:34:55**

**Beatriz Sestayo Doce na data 07/02/2007 11:35:06**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara solicita a Comparecencia en Comisión do Conselleiro de Traballo para explicar a situación no que se atopa a elaboración do Proxecto de Lei de creación dun Instituto de Seguridade e Saúde Laboral.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:35:16**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 16:35:43**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:36:02**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 16:36:30**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 16:36:47**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:37:01**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 16:37:09**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:37:29**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 16:37:39**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 16:37:55**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara solicita a Comparecencia en Comisión do Conselleiro de Traballo para explicar a situación no que se atopa a elaboración do Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais 2006-2010.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

### **Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:40:32**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 16:40:41**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:40:48**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 16:41:01**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:41:14**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 16:41:22**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 16:41:33**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:41:49**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 16:42:02**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 16:42:13**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara solicita a Comparecencia en Comisión do Conselleiro de Traballo para explicar as directrices de desenvolvemento do novo modelo do Servizo Público de Emprego.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

### **Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:43:50**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 16:44:00**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:44:07**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 16:44:20**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:44:28**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 16:44:34**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 16:44:51**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:45:00**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 16:45:12**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 16:45:20**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara solicita a Comparecencia en Comisión do Conselleiro de Traballo para explicar os obxectivos e medidas de Emprego.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

### **Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:47:06**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 16:47:18**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:47:27**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 16:47:36**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:47:51**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 16:48:01**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 16:48:16**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:48:29**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 16:48:39**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 16:48:48**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara solicita a Comparecencia en Comisión do Conselleiro de Traballo para explicar as liñas en materia de Formación para o Emprego.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:51:44**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 16:52:04**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:52:14**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 16:52:23**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:52:32**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 16:52:39**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 16:52:55**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:53:05**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 16:53:13**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 16:53:28**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara solicita a Comparecencia en Comisión do Conselleiro de Traballo para explicar en que situación se atopa a futura modificación da Lei reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

### **Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:54:51**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 16:55:06**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:55:15**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 16:55:23**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:55:36**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 16:55:42**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 16:55:55**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:56:08**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 16:56:20**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 16:56:30**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara solicita a Comparecencia en Comisión do Conselleiro de Traballo para explicar en que situación se atopa a elaboración do Proxecto de Lei de Participación Institucional.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

### **Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 16:57:44**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 16:57:54**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 16:58:04**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 16:58:12**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:58:26**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 16:58:33**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 16:58:50**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 16:59:00**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 16:59:06**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 16:59:13**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara solicita a Comparecencia en Comisión do Conselleiro de Traballo para explicar o acordo sobre a Responsabilidade Social Empresarial.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 17:04:04**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 17:04:33**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 17:04:47**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 17:04:59**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 17:05:10**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 17:05:16**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 17:05:50**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 17:06:03**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 17:06:13**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 17:06:26**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara solicita a Comparcencia en Comisión do Conselleiro de Traballo para explicar o acordo marco para a negociación colectiva en Galicia.

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 07/02/2007 17:08:02**

**Susana López Abella na data 07/02/2007 17:08:17**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2007 17:08:30**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2007 17:08:37**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 17:08:45**

**Roberto Castro García na data 07/02/2007 17:08:51**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/02/2007 17:09:00**

**María Marta Cerdido Pintos na data 07/02/2007 17:09:09**

**Dámaso López Rodríguez na data 07/02/2007 17:09:16**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 07/02/2007 17:09:25**



Á Mesa do Parlamento

José Antonio Orza Fernández, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Interpelación.

Recentemente a Consellería de Economía e Facenda deu a coñecer a versión preliminar do Programa Operativo Feder de Galicia 2.007-2013. Na súa introdución afirmase que a administración autonómica galega elaborou os documentos que recollen as intervencións dos Fondos Estruturais en colaboración cos interlocutores sociais e outros axentes clave que operan na rexión.

Sendo imprescindible manter o principio de cooperación cos axentes económicos e sociais e dado que en dito documento non se aclara como se artellou dita colaboración, parece importante coñecer en que foros e en que forma se materializou dita colaboración, os axentes económicos e sociais involucrados así como os acordos que se conseguiron.

Polo dito anteriormente, o deputado asinante presenta a seguinte Interpelación:

1-Qué axentes sociais e operadores económicos participaron na elaboración do Programa Operativo Feder de Galicia 2.007-2.013?

2-En qué foros se articulou dita colaboración?

3-Cal é a valoración dos axentes económicos e sociais do contido do Programa Operativo?

Parlamento de Galicia, 2 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Orza Fernández na data 02/02/2007 11:46:10**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do artigo 147 e concordantes do Regulamento da Cámara e a iniciativa do deputado Ángel Bernardo Tahoces, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

### **Exposición de Motivos**

A economía da comarca de Ferrolterra mantén unha íntima relación de dependencia coa industrial naval dende hai séculos, o que determinou infinidade de altibaixos económicos.

Na actualidade, non hai dúbida, falar da industria naval da Ría de Ferrol é falar de Navantia. Navantia é unha sociedade pública española de construción naval militar na que finalmente integráronse os activos dos estaleiros de Ferrol e Fene, xunto aos de Cartaxena, Porto Real, Cádiz e San Fernando.

Navantia conta nas súas instalacións da Ría de Ferrol con medios tecnolóxicos para a construción e reparación naval dos máis avanzados do mundo, se ben, ditos medios, na actualidade, non se atopan minimamente optimizados (a unidade de produción de Fene está procesando unhas 3.000 toneladas de aceiro ao ano cando a súa capacidade ascende a 100.000 toneladas/ano).

Hoxe estamos a vivir unha situación incomprensible e desesperante, o estaleiro vigués Barreras, cuxas dependencias na bahía de Vigo non dan máis de si obrigándoo ao rexeitamento de novos contratos, o goberno de España a través da SEPI, impídelle comprar o estaleiro da antiga ASTANO que se está a oxidar por infrautilización.



## *Grupo Parlamentario Popular de Galicia*

Isto constitúe unha incapacidade política de primeira magnitude, por un lado non se está a saldar unha débeda con Ferrol e por outro non se é capaz de dar solución a unha demanda de espazo para conseguir o crecemento dun sector industrial básico na nosa economía.

Pero esta incapacidade agrávese cando o presidente da SEPI pretende a transformación deste estaleiro nun polígono industrial no que se asente unha multinacional alemá para a construción de aerogeneradores eólicos, vinculado o devandito asentamento a que se lle conceda a explotación dun volume de megavatios eólicos en Galicia.

Galicia non pode nin debe permitir un atentado as súas oportunidades de crecemento, este é un pulso que Galicia ten que gañar.

Por todo isto os deputados que asinan esta iniciativa presentan a seguinte Interpelacións:

**¿O Goberno de Galicia vai a permitir que o estaleiro de Perlio transfórtese en algo distinto a o que é, é dicir un estaleiro?**

**¿Que fará o Goberno Galego de ter coñecemento, como xa da por seguro o sector enerxético deste País, que a SEPI está negociando cunha empresa enerxética a súa instalación en Perlio vinculando a mesma cun volume de explotación de megavatios eólicos en Galicia?**

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2007



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2007 12:08**  
**Nº Rexistro: 17137**  
Data envío: 06/02/2007 12:08:56

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 06/02/2007 12:07:47**

**Ángel Bernardo Tahoces na data 06/02/2007 12:07:56**

## Á Mesa do Parlamento

**Alejandro Gómez Alonso, José Cuiña Crespo e Pilar Rojo Noguera** deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación para o seu debate en pleno polo trámite de urxencia**.

### Xustificación da Urxencia

O anuncio efectuado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de pechar a Vía Rápida do Salnés durante cinco meses, producirá graves efectos económicos na comarca, polo que é urxente que o Parlamento de Galicia adopte unha serie de medidas en relación con esta medida.

### Exposición de Motivos

O pasado 5 de decembro de 2006, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes emitía un comunicado para anunciar que a Vía Rápida do Salnés permanecerá pechada ao tráfico durante cinco meses no treito Ribadumia-Sanxenxo, argumentando por unha banda, a imposibilidade de garantir a seguridade viaria e por outra a necesidade de realizar actuacións de avaliación e reparación de deficiencias detectadas e proceder a substitución dos tubos de drenaxe metálicos da Vía do Salnés.

Nese mesmo comunicado a CPTOPT dou a coñecer de que na Vía do Salnés hai 30 tubos metálicos e todos eles serán cambiados. Deles, 6 xa foron substituídos ata o de agora nos sucesivos cortes da vía (3 tubos no corte programado, 2 tubos na actuación de emerxencia e un máis reparado provisionalmente co último socavón á altura da gasoleira de Meis), así como tamén dou conta, de que os 24 tubos restantes, 2 situados entre Ribadumia e Sanxenxo, atópanse xa en estado crítico.

A decisión adoptada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de pechar durante cinco meses esta vía, causou malestar e alarma en tódolos sectores da comarca do Salnés. Estes cualificaron a decisión adoptada de excesiva, inoportuna e innecesaria, e consideraron a medida, como unha nova ameaza para a actividade económica, o tráfico e a seguridade viaria da zona cando aínda sofren inundacións.

O Grupo Parlamentario Popular quere subliñar que a Vía Rápida do Salnés leva 15 anos en servizo e nunca desde a súa construción rexistrara incidencias semellantes ás destes meses, a pesar de que o inverno 2000-2001 rexistrou elevados índices de pluviosidade e unha sucesión de temporais similar aos deste outono.

Sen embargo, a diferenza do sucedido ata o de agora, e importante destacar que este ano se están a rexistrar dúas circunstancias adicionais que hai que investigar para coñecer a súa relación directa cos desperfectos:

- Estanse a executar obras de desdoblamento, que provocan unha modificación do réxime de escorrentías e das canalizacións.
- E o contorno da vía rápida do Salnés viuse afectado polos incendios do pasado verán, que destruíu a capa vexetal, polo que o monte perdeu boa parte de capacidade de absorción, o que multiplicou o volume de escorrentías, que acaban afectando á estrutura da estrada.

Para xustificar a decisión tomada, a Consellería indicou que os tubos metálicos empregados na vía, non son os axeitados e que se atopan nunha situación próxima o seu colapso, subliñando que os mesmos foron cambiados durante a execución da obra de xeito non adecuado e sen os debidos controis, acusando o Goberno anterior de graves irregularidades, de falta de control sobre a obra e, en definitiva de actuar de xeito irresponsable.

Polo dito anteriormente os deputados asinantes presentan a seguinte Interpelación:

1. ¿Considera a Xunta de Galicia que a utilización de tubos metálicos para a construción de viais non e axeitado por ser un material terceiro mundista?
2. ¿Dispuxo a Xunta de Galicia de informes técnicos que avalaban a viabilidade de substituir os tubos defectuosos sin necesidade de pechar o tráfico da vía do Salnés?
3. ¿ Ten previsto a Xunta de Galicia a posta en marcha de compensacións económicas os Concellos e sectores empresariais directamente afectados polo corte o tráfico da vía do Salnés?

Parlamento de Galicia, 8 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 08/02/2007 11:03:21**

**Alejandro Gómez Alonso na data 08/02/2007 11:03:36**

**Xosé Cuíña Crespo na data 08/02/2007 11:03:44**

**Pilar Rojo Noguera na data 08/02/2007 11:03:54**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 08/02/2007 11:04:32**

**Roberto Castro García na data 08/02/2007 11:04:39**

**Carlos Negreira Souto na data 08/02/2007 11:04:49**

**Jaime Castiñeira Broz na data 08/02/2007 11:05:03**

**Beatriz Mato Otero na data 08/02/2007 11:05:13**

**Maximino Rodríguez Fernández na data 08/02/2007 11:05:24**

**Jose Antonio Santiso Miramontes na data 08/02/2007 11:05:35**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 08/02/2007 11:06:03**



**Enrique César López Veiga na data 08/02/2007 11:06:17**

**Xesús Palmou Lorenzo na data 08/02/2007 11:06:41**

**César Pérez Ares na data 08/02/2007 11:07:16**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2007 13:07  
Nº Rexistro: 16962  
Data envío: 02/02/2007 13:07:56


## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Vicepresidente da Xunta, relativa aos microcréditos para mulleres emprendedoras e empresarias.

A Vicepresidencia puxo en marcha, a finais de novembro do pasado ano, unha iniciativa destinada a mulleres emprendedoras e empresarias a fin de promover o desenvolvemento de iniciativas empresariais. Trátase de facilitar o acceso a créditos financeiros por parte das mulleres e dinamizar o noso tecido produtivo e empresarial.

É coñecido que as mulleres atópanse con problemas para o seu desenvolvemento na actividade empresarial, sendo unha das barreiras principais o acceso ao financiamento das súas inversións. Polo tanto, é moi importante que se acheguen liñas que permitan superar este obstáculo. O feito de que estes microcréditos non precisen de aval supón a eliminación dunha traba importante á hora de poñeren en marcha a súa iniciativa de autoemprego.

Outra novidade que presenta este programa é que se acompañará a concesión do microcrédito con asesoramento técnico gratuito para incrementar as posibilidades de éxito do seu negocio. Este elemento parécenos moi importante, posto que moitos destes proxectos non sobreviven por carencias no apoio técnico, é importante ofertar este tipo de servizo dado que pode contribuír a consolidación de moitas destas iniciativas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2007 13:07  
Nº Rexistro: 16962  
Data envío: 02/02/2007 13:07:56

Polo dito formúlase a seguinte pregunta para a súa reposta oral en Pleno:

Cal é a avaliación inicial que se fai da posta en funcionamento dos microcréditos para mulleres emprendedoras e empresarias?

Santiago de Compostela, 2 de Febreiro de 2007.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/02/2007 13:06:41**

## Á Mesa do Parlamento

Alberto Sueiro Pastoriza e José Antonio Orza Fernández, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta Oral en Comisión.

Recentemente o Ministerio de Economía e a Consellería de Economía e Facenda veñen de publicar nas súas páxinas web a versión preliminar do Programa Operativo Feder Galicia 2.007-2.013.

Neste documento para os distintos eixes nos que se articula a estratexia de intervención ademais de describir os obxectivos xerais e as prioridades estratéxicas así como o enfoque e as actuacións descríbense unha serie de indicadores estratéxicos, algúns dos cales teñen obxectivos a lograr para o 2.009, 2.012 e 2.013. En concreto no eixe 1-Desenrolo da economía do coñecemento (I+D+i, Educación, Sociedade da información e TIC) figuran os seguintes indicadores estratéxicos:

Gasto en I+D sobre PIB

Participación do gasto privado en I+D

Mulleres dedicadas a I+D

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Empresas con conexión a Internet

De estes indicadores, para o relativo a mulleres dedicadas a I+D non se fixan obxectivos e para os restantes é sorprendente que si o gasto en I+D sobre o PIB se mantén no 2% no 2.012 e no 2.013, a participación do gasto privado pase do 50% o 55%, cando entre o 2.009 e o 2.012 pasa soamente do 47% o 50% e o mesmo ocorre co indicador de empresas con conexión a Internet que pasa do 91% o 95% do 2.012 o 2.013 cando entre 2.009 e.2.012 soamente se incrementa un 2%

Polo dito anteriormente, os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta:

Por que non se fixan obxectivos no indicador “mulleres dedicadas a I+D”?

Cales son as razóns que nos levan a pensar que entre 2.012 e 2.013 se pode producir o aumento que se prevé tanto na participación do gasto privado en I+D como nas empresas con conexión a Internet?.

Parlamento de Galicia, 01 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 02/02/2007 9:50:07**

**José Antonio Orza Fernández na data 02/02/2007 9:50:20**

## Á Mesa do Parlamento

Alberto Sueiro Pastoriza e José Antonio Orza Fernández, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, a seguinte Pregunta Oral en Comisión.

Recentemente o Ministerio de Economía e a Consellería de Economía e Facenda veñen de publicar nas súas páxinas web a versión preliminar do Programa Operativo Feder Galicia 2.007-2.013.

Neste documento para os distintos eixes nos que se articula a estratexia de intervención ademais de describir os obxectivos xerais e as prioridades estratéxicas así como o enfoque e as actuacións descríbense unha serie de indicadores estratéxicos, algúns dos cales teñen obxectivos a lograr para o 2.009, 2.2012 e 2.013. Sen embargo a maioría deles e particularmente nos eixes 4,5 e 6 non se fixa ningún obxectivo a lograr nin sequera o final do período de programación.

Polo dito anteriormente , os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta:

Vai fixarse algún obxectivo para eses indicadores estratéxicos seleccionados?

De fixarse algún obxectivo, cales van ser?.

Parlamento de Galicia, 1 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 02/02/2007 9:52:00**

**José Antonio Orza Fernández na data 02/02/2007 9:52:12**

## Á Mesa do Parlamento

**Ángel Bernardo Tahoces**, deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión** en relación ao seguimento do aluguer dun local en Santiago de Compostela polo Instituto Galego de Consumo (IGC).

No anterior período de sesións este Grupo Parlamentario xa formulou unha serie de preguntas, a día de hoxe sen contestar, sobre a contratación en aluguer polo Instituto Galego de Consumo (IGC) dun local en Santiago de Compostela para a súa sede.

Na devandita iniciativa parlamentaria puxemos de manifesto que non se trataba dun aluguer sen máis, senón que se incluía na contratación a realización de obras e incluso a subministracións de bens materiais polo que estábamos diante do que comunmente se denomina chave en man.

Igualmente deixamos claro que imos a levar un seguimento desta contratación, a noso parecer de dubidosa legalidade e máis propia dun clientelismo inadmisibile.

Na súa consecuencia procedemos á formulación das seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- 1.- ¿Quen foi o adxudicatario da contratación do aluguer do local que vai a ser a sede do IGC?
- 2.- ¿Cantas empresas presentáronse ao procedemento de contratación?
- 3.- ¿Cantas das empresas presentadas cumprían os requisitos esixidos para optar á adxudicación?

- 4.- ¿Que requisitos foron incumpridos polos licitadores non adxudicatarios?
- 5.- ¿Cumpriuse có prazo de entrega do local nas condicións establecidas, é dicir para o 31 de decembro do 2006? No caso negativo ¿Cales foron os motivos deste retraso e que prazo prevé o Instituto Galego de Consumo para a súa entrega con pleno cumprimento das condicións esixidas?
- 6.- No suposto do incumprimento do prazo de entrega do local, ¿Están previstas penalizacións por incumprimentos de prazos de entregas? En caso afirmativo ¿En que consisten as mesmas?
- 7.- Igualmente, producirse o incumprimento do prazo de entrega ¿Pensa o Instituto Galego de Consumo facer efectivo o pago da renda correspondente o mes de xaneiro do ano 2007?
- 8.- ¿De que data é a licenza de acondicionamento de obras do local?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2007

Asdo.: Ángel Bernardo Tahoces  
Deputado do G.P. Popular de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Ángel Bernardo Tahoces na data 02/02/2007 11:07:52**



## Á Mesa do Parlamento

**Ángel Bernardo Tahoces**, deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión** en relación ao traspaso de competencias da Xunta de Galicia aos concellos galegos en materia de defensa de usuarios e consumidores.

A Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 2 dispón que para conseguir a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar ao Municipios, as Provincias e as Illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que procedan en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cós principios de descentralización e de máxima proximidade da xestión administrativa aos cidadáns.

O artigo 25.2 do devandito Texto legal establece que o Municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidade Autónomas, nunha serie de materias, entre as que se atopan a defensa dos usuarios e consumidores.

Por outra banda, e como é ben sabido, o día 20 de xaneiro do 2006 asinouse o Pacto Local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se establece literalmente o seguinte parágrafo:

*“En todo caso, as materias obxecto de traspaso ou delegación poden ser todas aquelas que pidan afectar os intereses dos cidadáns, sen que isto poida supoñer unha perda de calidade na prestación dos servizos, senón un incremento da eficacia, satisfacción e economía na xestión, dentro do respecto ao marco competencial da Comunidade Autónoma de Galicia”*

Na súa consecuencia procedemos á formulación das seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- 1.- ¿Ten previsto a Xunta de Galicia transferir ou delegar aos Concellos Galegos no seo do Pacto Local competencias en materia de defensa dos usuarios e consumidores? No caso afirmativo ¿Cal será o seu alcance?
- 2.- ¿Como pensa a Xunta de Galicia facer efectiva a colaboración dos concellos na xestión do Sistema de Intercambio Rápido de Información (Rede de Alerta)?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2007

Asdo.: Ángel Bernardo Tahoces  
Deputado do G.P. Popular de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Ángel Bernardo Tahoces na data 02/02/2007 11:08:52**

## Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Negreira Souto e Beatriz Mato Otero, deputado e deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

O conflito laboral existente na Consellería de Pesca cos traballadores do Servizo de Gardacostas repercute directamente na vixilancia e protección dos recursos mariños de toda Galicia. Tal é así que as embarcacións asinadas as bases territoriais da Consellería de Pesca están sen saír ao mar a vixiar dende outubro do ano pasado provocando que sexa o propio sector o que demande máis vixilancia.

Os mariñeiros e percebeiros da Coruña tampouco se ven libres desta situación. De feito, son os propios percebeiros os que , organizadamente, están facendo os traballos de vixilancia das zonas do percebe, por terra principalmente, sen recibir o apoio que precisan das autoridades, en concreto do Servizo Gardacostas.

Por outra banda, a ineficacia na xestión administrativa da Consellería de Pesca, fai que a día de hoxe a Confraría aínda non percibira as subvencións concedidas pola Consellería do ano 2006 con las que pagar os soldos dos 6 vixilantes que tiñan contratados e mais o biólogo. Tivo que ser a Confraría a que adiantara os cartos das citadas nóminas provocando unha situación financeira na Confraría nestes momentos insostible a día de hoxe. De feito, hoxe só teñen contratados a dous vixiantes para toda a Confraría.

Isto evidentemente tamén repercute na eficacia da vixilancia da propia Confraría. So dous vixilantes para facer fronte, entre outras cosas, o conflito da Ría do Burgo e o furtivismo de percebe. Imposible de levar adiante.

A isto engádese outra situación. A zona de percebe do Portiño estase a converter na “Ría do Burgo II” no que a furtivismo se refire. Nos últimos meses a acción dos furtivos de un asentamento

próximo as pedras estase a incrementar dun xeito alarmante. Cada vez son mais os xoves e nenos de ese poboado que baixan o percebe provocando non só problemas de enfrontamento cos percebeiros profesionais senón o descontrol biolóxico da zona onde xa se empeza a percibir a falta de cría para o mantemento das pedras como pedras produtivas no plan de explotación.

Ante esta situación os deputados asinantes presentan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Como vai a estruturar a Consellería o traballo da base territorial de A Coruña para facer fronte a vixilancia do Percebe e do resto de conflitos existentes na cidade? ¿Como vai a ser o reparto dos medios técnicos e humanos?

Ten intención a Consellería de subvencionar aos vixilantes da Confraría a través de calquera das súas convocatorias de subvención? ¿Cantos vixilantes subvencionará?

Existe algún tipo de acordo, definido e escrito, de colaboración nestas labouras de vixilancia entre a Confraría e a Consellería?

Ten a Consellería intención de retomar a colaboración existente nesta materia ca Policía Autonómica? Si e que si haberá algunha dotación destinada da Coruña?

Como pensa evitar a Consellería que o problema do furtivismo no Portiño non dexenere nun problema parecido o de a Ría do Burgo?

Puso en coñecemento ao Concello dos problemas que xeran o asentamento do Portiño?

Parlamento de Galicia, 1 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Negreira Souto na data 02/02/2007 11:37:34**

**Beatriz Mato Otero na data 02/02/2007 11:37:44**

## Á Mesa do Parlamento

**Ángel Bernardo Tahoces**, deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión** en relación á determinación do órgano competente da Xunta de Galicia para recibir a documentación que vai a permitir a posta en funcionamento regulamentario das instalacións contra incendios en edificios non industriais.

O Código Técnico da Edificación aprobado mediante Real Decreto 314/2006 (BOE 28/03/2006), no seu artigo 11 establece as esixencias básicas de seguridade en caso de incendio, o seu paragrafo terceiro dispón que o Documento Básico (**DB-SI**) especifica parámetros obxectivos e procedementos que o seu cumprimento asegura a satisfacción das esixencias básicas e a superación dos niveis mínimos de calidade propios do requisito básico de seguridade en caso de incendio dos edificios non industriais.

No punto primeiro da sección cuarta do Documento Básico de Seguridade contra Incendios (**DB-SI**), correspondente a dotacións de instalacións contra incendios, establece:

*“.....A posta en funcionamento das instalacións require a presentación, ante o órgano competente da Comunidade Autónoma, do certificado da empresa instaladora ao que se refire o artigo 18 do regulamento de instalacións de protección contra incendios”.*

O Real Decreto 1942/1993, de 5 de novembro, aproba o Regulamento de Instalacións de Protección contra Incendios, e o certificado a que se refire o seu artigo 18 e o expedido pola empresa instaladora visado por un técnico titulado competente designado por la mesma.

O Decreto 314/2006 que aproba o Código Técnico da Edificación entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación, é dicir o 29 de marzo e o período transitorio do Documento Básico de Seguridade en caso de Incendios rematou o pasado 29 de setembro, polo que nesa mesma data entra en vigor.

En resumo para poñer en funcionamento unha instalación contra incendios en edificios non industriais hai que presentar unha serie de documentación ante o órgano competente da Comunidade Autónoma. Pois ben, a día de hoxe non se sabe na Xunta de Galicia cáal é ese órgano competente.

Como consecuencia de todo o exposto resulta obrigado que o Grupo Parlamentario Popular formule a seguinte pregunta ao Goberno de Galicia para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- ¿Cal vai a ser o órgano da Xunta de Galicia encargado de recibir a documentación a que se refire o punto primeiro da sección cuarta do Documento Básico de Seguridade contra Incendios, ao obxecto de que entren en funcionamento dun xeito regulamentario as instalacións contra incendios en edificios non industriais?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Ángel Bernardo Tahoces na data 02/02/2007 11:09:21**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2007 12:26  
Nº Rexistro: 16959  
Data envío: 02/02/2007 12:26:26

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, dirixida á Secretaria Xeral de Igualdade relativa a avaliación que realiza este departamento sobre á participación das mulleres no ámbito da ciencia e da tecnoloxía na Galiza.

O Informe *“Política Científica da Unión Europea. Promover a excelencia mediante a integración da igualdade entre xéneros, -coñecido como Informe ETAN-* marca un punto de referencia a nivel europeo na abordaxe da discriminación das mulleres no mundo científico. Este informe puxo ao descuberto, non só as dificultades das mulleres para desenvolver a carreira científica, senón o despilfarro en termos económicos e de coñecemento que esta situación provoca.

Entre as recomendacións que se recollen no mesmo destacan:

- a) A creación dunha base democrática para que as mulleres podan participar na definición da axenda científica. Proponse unha participación mínima para cada xénero nos comités científicos cifrado no 30% en 2002 e o 40% en 2005.
- b) Afrontar o reto de atraer máis mulleres novas á ciencia. Convén utilizar os programas de estudo, a pedagogía e os medios de comunicación para atacar os estereotipos de xénero que se impoñen na ciencia e entre os científicos.
- c) A avaliación da situación das mulleres dificúltase pola ausencia de datos fiábeis e accesíbeis, desagregados por xéneros e niveis. Proponse unha estratexia de seguimento como elemento clave na aplicación do *mainstreaming*.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- d) Integrar a igualdade entre xéneros no Sexto Programa Marca e nos programas de financiamento da ciencia e da tecnoloxía nos Estados membros.
- e) Desenvolver políticas de melloras prácticas na contratación de persoal científico, a fin de avaliar e acadar a igualdade entre xéneros no ámbito académico e garantir niveis de alta calidade nos procedementos de avaliación por pares e de selección. Adoptar medidas activas para eliminar as diferenzas salariais. Insistir na importancia do uso de incentivos económicos para garantir o avance cara á igualdade.
- f) Consensuar, entre todos os axentes implicados, actuacións para progresar na promoción das mulleres no ámbito científico comunitario.

Na Galiza púxose en marcha recentemente a Unidade Muller e Ciencia. Esta unidade nace coa vocación de promover actuacións transversais dirixidas a eliminar o desequilibrio que para as mulleres se detecta no eido do acceso á investigación e innovación e promover a súa permanencia e promoción.

Na súa presentación pública déronse a coñecer datos sobre a posición das mulleres no conxunto do ámbito científico e tecnolóxico –público e privado- da nosa nación, que son reveladores das discriminacións que se detectan neste ámbito, así sinalouse que:

- Hai un equilibrio sostido entre varóns e mulleres na educación infantil e primaria, que se mantén –como é lóxico- nas etapas obrigatorias. A partir do bacharelato e a formación profesional de grao superior até os estudos universitarios as mulleres son clara maioría.
- Sen embargo, analizando a presenza por modalidades en todo o tramo non obrigatorio, conséntase que as opcións maioritariamente elixidas polas mozas continúan a ser as tradicionais (bacharelato de humanidades: 68% mulleres;



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ciencias Sociais: 54% mulleres; formación profesional a rama de administrativo ten un 78% de mulleres sendo superada nos casos de sanidade (84%) e Imaxe Persoal (98%).

- No ámbito universitario hai un desequilibrio moi importante nas enxeñerías. En especialidades como Enxeñería Industrial ou Informática non chega ao 20%.
- Nos estudos de Terceiro hai un certo equilibrio nos números globais. Se a análise a facemos por áreas de coñecemento conséntase que, no ámbito tecnolóxico, non chegan ao 30%.
- No ámbito da investigación hai un marcado desequilibrio. A situación é moi preocupante no ámbito da investigación empresarial e nas institucións privadas sen fins de lucro, situándose por baixo do 30%.

É pois evidente que aínda fica moito por facer para que o ámbito científico e tecnolóxico sexa igualitario na Galiza. Ter instrumentos para avaliar e observar a evolución é importante, mais tamén, impulsar e acordar con todos os axentes implicados actuacións que atallen estes desequilibrios. Desde o BNG estamos convencidos que é fundamental incorporar e consolidar a posición das mulleres neste ámbito para mellorar as nosas posicións.

Galiza ten un reto importante na aposta por incrementar o noso potencial investigador e de innovación. Neste reto debemos asumir, como un elemento consubstancial, promover o desenvolvemento e permanencia das mulleres nos ámbitos científicos e tecnolóxicos.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1.<sup>a</sup>) Que avaliación se realiza dos datos sobre a presenza das mulleres nos eidos científicos e tecnolóxicos na Galiza?

2.<sup>a</sup>) Que análise se realiza sobre as causas que sustentan esta discriminación?

3.<sup>a</sup>) Que actuacións se prevén de cara ao futuro?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2007.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/02/2007 12:25:14**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2007 13:15  
Nº Rexistro: 16965  
Data envío: 02/02/2007 13:15:57

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo e Xosé Ramón Paz Antón**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en Comisión, relativa ás liñas de actuación da Dirección Xeral de Xuventude para incentivar, promover e visualizar a labor da xente nova en diferentes ámbitos culturais.

A mocidade galega ten dado mostras evidentes da súa capacidade creativa. Estimular, potenciar e visualizar a súa labor constitúe un elemento importante no que se debe traballar desde o ámbito público.

Galiza conta con grande potencialidade neste sector e hai moita xente nova que está facendo cousas moi interesantes e novidosas que é necesario potenciar nas diferentes disciplinas artísticas. A mocidade ten maiores dificultades á hora de dar a coñecer ao público a súa labor, dado que é complicado ir facéndose un oco.

O Bloque Nacionalista Galego considera que este é un elemento importante da política xuvenil, posto que é necesario ir eliminando as barreiras ou impedimentos que dificultan a plena participación a todos os niveis da xuventude. Por outra banda, tamén é relevante apoiar e mellorar as condicións nas que se levan adiante moitos destes proxectos, a fin de posibilitar a continuidade dos mesmos. Por exemplo, no ámbito musical, hai moita xente nova que ten a iniciativa de poñer en marcha grupos. Sen embargo encontran dificultades á hora de poder ensaiar, publicar ou mesmo actuar en público. Somos conscientes que no goberno existe sensibilidade e



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/02/2007 13:15  
**Nº Rexistro: 16965**  
Data envío: 02/02/2007 13:15:57

proxectos, como é a Rede Galega de locais de ensaio, que constitúe unha iniciativa novidosa e de grande calado.

O BNG considera que é necesario continuar nesta liña e intensificar as actuacións que se podan realizar a fin de incentivar a participación da xente nova en diferentes ámbitos culturais, así como, contribuír a visualizar este traballo e que teña espazos onde poder expoñerse e espallarse.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa repostada oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que actuacións se van a desenvolver neste ano a fin de incentivar e promover a participación da mocidade nos diferentes eidos creativos?


2.<sup>a</sup>) Que actuacións se van a desenvolver a fin de promover unha maior visualización do papel da xente nova neste ámbito?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2007.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Xosé Ramón Paz Antón  
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/02/2007 13:14:50**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela


Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2007 13:15**  
**Nº Rexistro: 16965**

Data envío: 02/02/2007 13:15:57

**Xosé Ramón Paz Antón na data 02/02/2007 13:14:55**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2007 12:54  
Nº Rexistro: 17002  
Data envío: 05/02/2007 12:54:43

## Á Mesa do Parlamento


**Maria Xosé Vega Buxán**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª**.

Os datos coñecidos recentemente indican que, no ano 2006, o PIB galego medrou por riba das previsións formuladas ao comezo do exercicio, rexistrándose un lixeiro recorte do diferencial negativo que ten a economía galega a respecto da española.

Esta conxuntura certamente positiva debe ser, loxicamente, contextualizada no período histórico anterior. Nestes últimos días, precisamente, ven de ser presentado un estudio que sinala que dende 1981 a 2005 o PIB galego reduciu o seu peso no PIB estatal dende o 6,4% ao 5,1% mentres que a poboación galega pasou de representar –no ano 1981- o 7,4% da poboación do Estado a ser o 6,3% no ano 2005. Ao cabo, confirmase o que temos analizado reiteradamente dende o G.P. do BNG: nos últimos 25 anos, a economía galega non foi quen de converxer cos niveis de riqueza existentes no conxunto estatal e, xa que logo, non acadou a desexábel equiparación cos parámetros de benestar que rexen nos territorios mais desenvolvidos do Estado.

O noso G.P. desexa coñecer a avaliación que realizan os responsábeis da Consellería de Economía sobre a evolución das cifras macroeconómicas rexistrada no último ano e por iso formulamos as seguintes preguntas:





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2007 12:54  
Nº Rexistro: 17002  
Data envío: 05/02/2007 12:54:43

¿Cómo explica a Consellería de Economía a non coincidencia dos resultados rexistrados no medre do PIB galego coas previsións formuladas no momento de elaborar os orzamentos do ano 2006?

¿Cree a Consellería que este feito ten orixinado efectos non desexados sobre a política orzamentaria que se instrumentou no pasado exercicio?

¿Cal é a opinión que ten a Consellería, neste momento, sobre as fortalezas e as debilidades que presenta a economía galega?

Santiago de Compostela, 5 de Febreiro de 2007.

Asdo.: María Xosé Vega Buxán.

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Xosé Vega Buxán na data 05/02/2007 12:39:58**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Gallego Lomba**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Ferrol-Terra ten experimentado nos últimos lustros un sostido declive industrial, sendo os avatares dos estaleiros de Fene (ASTANO, logo Izar e ao cabo Navantia) e a súa industria auxiliar un expoñente paradigmático.

A inicios do ano 2004 a situación era crítica, coa obriga de reintegro multimillonario de axudas públicas improcedentes (1.250 millóns de euros, por decisións do ano 1999 e 2000), o que afectaba de xeito decisivo á saúde financeira da empresa pública IZAR, unha forte presión sindical e cidadán e unhas deficientes perspectivas de carga de traballo.

Logo de intensas negociacións, acadouse un acordo a varias bandas (Comisión Europea, SEPI, sindicatos) que, sobre a base da separación corporativa de produción civil e militar, garantía a continuidade da produción naval de carácter militar na ría de Ferrol; a inclusión do estaleiro de Fene na nova empresa pública NAVANTIA e polo tanto, despois dun forte proceso de xubilacións, unha perspectiva de estabilidade para os restantes traballadores. Pero tamén se establecían limitacións temporais (ata o ano 2015) para a construción de buques civís por parte de NAVANTIA –só sería posible de xeito complementario á produción militar, en condicións de mercado e sempre que non se superase o 20% da facturación militar da empresa-, a cambio do non reintegro das subvencións percibidas con anterioridade.

Ese acordo mantivo unha actividade de construción e reparación naval de carácter militar na ría de Ferrol e garantiu a estabilidade aos traballadores que permaneceron ligados á empresa (360 directos e ata 1000 indirectos); pero tamén mantivo capacidade productiva ociosa nas instalacións de Fene.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Goberno galego, despois de 2005, traballa para evitar que se prolongue excesivamente no tempo esta situación. Nas últimas semanas coñécese a iniciativa de utilizar a capacidade ociosa das instalacións de Fene para a construción de buques civís, apoiada pola Xunta de Galicia.

Parécenos que deben establecerse prioridades claras para o uso das instalacións da antiga ASTANO en Fene:

1.- O servizo das necesidades de NAVANTIA, como empresa pública de construción naval, en primeiro lugar, para o que é necesario aumentar a carga de traballo da compañía no ámbito militar e civil, en construción e reparación.

2.- O uso da capacidade industrial ociosa para proxectos empresariais privados, en condicións de mercado, transparencia e competencia, superando as limitacións establecidas polos compromisos acadados coa Comisión Europea. Nesta segunda prioridade tería un lugar de privilexio a construción naval.

Dadas as condicións específicas creadas polo acordo do ano 2004 e a necesidade de impulsar proxectos productivos de futuro na comarca de Ferrol-Terra, este deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Que xestións ten realizado (ou ten previsto facer) o Sr. Conselleiro de Innovación e Industria diante da Unión Europea para coñecer a compatibilidade do proxecto que impulsa coa solución do ano 2004 e resolver as eventuais dificultades?

2.- Que xestións ten realizado o Sr. Conselleiro de Innovación e Industria diante dos asinantes do Acordo de 2004 (SEPI, sindicatos de NAVANTIA) para coñecer a compatibilidade das condicións do mesmo co novo proxecto?

3.- Cales son as ofertas privadas que coñece a Consellería de Innovación e Industria para as instalacións de Fene? Está previsto un



Grupo Parlamentario

concurso público de adquisición de activos ociosos ou qué modalidade pretende que se utilicen?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia


Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2007

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce  
José Manuel Gallego Lomba  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Sestayo Doce na data 05/02/2007 12:54:36**

**José Manuel Gallego Lomba na data 05/02/2007 12:54:48**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2007 12:55  
Nº Rexistro: 17003  
Data envío: 05/02/2007 12:55:45


## Á Mesa do Parlamento

**Maria Xosé Vega Buxán e Ana Pontón Mondelo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª**.

Como é sabido, a Lei 12/1995, de 29 de decembro, creou un imposto sobre a contaminación atmosférica. Na exposición de motivos da devandita Lei afirmábase o seguinte: “O obxectivo principal deste tributo non é acadar un volume determinado de recursos monetarios. O fin que se procura é conseguir que as empresas afectadas adopten, nun prazo curto, as medidas anticontaminantes precisas para diminuír substancialmente as emisións sinaladas”. Tratábase, pois, da posta en funcionamento dun gravame de carácter disuasorio. Mais importante que a función recadatoria era a finalidade limitadora e, ao cabo, eliminadora das emisións contaminantes contempladas no feito imponible deste imposto.

As previsións de ingresos por este imposto contempladas nos proxectos orzamentarios dos últimos anos foron as seguintes:

Ano 2004: 19.301.749 €  
Ano 2005: 20.173.819 €  
Ano 2006: 20.557.295 €



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2007 12:55  
Nº Rexistro: 17003  
Data envío: 05/02/2007 12:55:45

Para este ano 2007, as previsións de recadación están cifradas en 21.091.727 €. Xa que logo, é constatábel unha relativa estabilización da contía derivada da aplicación desta figura tributaria que podería indicar, tal vez, un certo bloqueo na potencialidade disuasoria coa que fora concibida o devandito imposto.

Ante estas circunstancias, queremos formular as seguintes preguntas:


- 1)¿Que avaliación fai a Consellería de Economía a respecto da aplicación do imposto sobre a contaminación atmosférica?
- 2)¿Considera a Consellería que se está a cumprir co obxectivo principal explicitado na Lei que o criou no ano 1995?
- 3)¿Ten algunha previsión a Consellería de Economía a respecto dunha eventual modificación das características deste imposto?

Santiago de Compostela, 5 de Febreiro de 2007.

Asdo.: María Xosé Vega Buxán.  
Deputada do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2007 12:55**  
**Nº Rexistro: 17003**  
Data envío: 05/02/2007 12:55:45

**María Xosé Vega Buxán na data 05/02/2007 12:44:20**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 05/02/2007 12:44:28**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, MANUEL S. RUIZ RIVAS, AGUSTÍN BAAMONDE DÍAZ e PILAR ROJO NOGUERA**, Deputadas e Deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA ORAL dirixida ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural, solicitando resposta na Comisión 7ª –Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Recentes denuncias públicas –a través dos medios de comunicación- dun sindicato agrario con importante implantación no país, a respecto das pesaxes nalgúns matadoiros do noso país, están a producir a lóxica inquedaanza nos gandeiros –como primeiros afectados- e tamén na cidadanía en xeral.

A posibilidade de que se puideran estar a producir fraudes na pesaxe de tenreiros nalgúns matadoiros, con algunhas diferencias estipuladas en ata 20 kilos, é algo que se debe de investigar e corrixir –caso de producirse- de xeito inmediato.

Os prezos dos produtos agrarios (leite, carne e outros), pagados aos labregos e gandeiros, están ao límite –cando non por debaixo- do prezo de custe. Polo tanto, este novo problema, que desexamos sexa un erro de medida nalgunha báscula, viría a complicar aínda máis a difícil situación pola que pasa o sector agrogandeiro no noso país.

Polo tanto, as Deputadas e Deputados que asinan solicitan **RESPOSTA ORAL** ás seguintes cuestións:





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

- 1.- *¿Ten coñecemento a Consellería de Medio Rural da presunta fraude que podería darse nalgúns matadoiros de Galicia, a respecto da pesaxe?*
- 2.- *¿Qué actuacións ten levado a cabo para coñecer o estado da cuestión?*
- 3.- *¿Ten previsto algún tipo de actuación, en coordinación coa Consellería de Innovación e Industria, para darlle solución a este problema denunciado?*

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Roberto Castro García na data 05/02/2007 16:14:49**

**María Amparo González Méndez na data 05/02/2007 16:15:03**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 05/02/2007 16:15:09**

**José Manuel Baltar Blanco na data 05/02/2007 16:15:13**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 05/02/2007 16:15:21**

**Agustín Baamonde Díaz na data 05/02/2007 16:15:27**

**Pilar Rojo Noguera na data 05/02/2007 16:15:31**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**M<sup>a</sup> Amparo González Méndez, Maximino Rodríguez Fernández e Antonio Rodríguez Miranda**, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta Oral á Sra. Conselleira de Cultura e Deporte na Comisión 4<sup>a</sup>- Educación e Cultura**.

O estado da igrexa parroquial de Santa María de Cortegada en Ourense, fai necesaria unha intervención para afrontar diversas reparacións polo seu avanzado deterioro, como pode ser a reparación do tellado e a reforma da instalación eléctrica.

Ante esta situación os servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural xa elaboraron un estudo e proxecto básico no que se definen as obras necesarias para a restauración da cuberta, consistentes en cambiar o material do taboleiro de cuberta e a mellora dos beirís.

Tendo pois elaborado o proxecto básico e cuantificado o seu importe, causa curiosidade que a Consellería de Cultura non acometa estas obras.

É por iso que a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1<sup>a</sup> .- Cáles son as razóns polas que a Consellería de Cultura non acometeu estas obras se ademáis e consciente da necesidade de intervir nesta igrexa?

2<sup>a</sup>.- Cándo ten previsto actuar neste inmovible?.

3<sup>a</sup>.- Cál é o presuposto de ditas obras? Con cargo a qué partida orzamentaria se farán ditas obras?



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**María Amparo González Méndez na data 05/02/2007 16:18:56**

**Maximino Rodríguez Fernández na data 05/02/2007 16:19:05**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 05/02/2007 16:19:12**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**M<sup>a</sup> Amparo González Méndez, Antonio Rodríguez Miranda, Maximino Rodríguez Fernández, José Manuel Baltar Blanco, Roberto Castro García e Ignacio López Chaves**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta oral en Comisión á Sra. Conselleira de Cultura e Deporte na Comisión 4<sup>a</sup>- Educación e Cultura**.

Este Parlamento aprobou en decembro de 2005 unha proposición non de lei onde se instaba á Xunta a continuar co proxecto de creación do Museo Galego do Viño na reitoral de Santo André de Camporredondo (Ribadavia).

O pasado 26 e 27 de xaneiro de 2007, celebráronse unhas xornadas na comarca do Ribeiro onde se analizaron as bases do futuro Museo Galego do viño. O obxectivo das xornadas foi a presentación a debate dos traballos de documentación realizados por un equipo técnico interdisciplinar para a elaboración do proxecto museolóxico do futuro Museo Galego do Viño que terá a súa sede en Santo André de Camporredondo (Ribadavia).



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

Este proxecto iniciou a súa andadura co goberno anterior e debido a importancia que ten para Galicia e en particular para a zona do Ribeiro pola súa historia e vinculación co viño dende a época medieval, é polo que a deputada e deputados asinantes fan as seguintes preguntas:

1.- Cándo comezaron as obras de reforma da reitoral? Dende o seu inicio cánto ten invertido a Xunta nas obras e creación do Museo Galego do Viño?

2.- Qué actuacións levou a cabo a Consellería de Cultura na reitoral de Santo André de Camporredondo no ano 2006? Cánto inverteu na realización dos traballos?.

3.- Cándo estarán rematados os traballos no edificio? Cánto ten previsto inverter este ano neste proxecto? Con cargo a qué partida orzamentaria?.

4.- No futuro Museo Galego do Viño, cál será a implicación da Consellería de Medio Rural? Ten previsto a Consellería de Medio Rural inverter neste proxecto? Cál será a súa aportación a este Museo Galego do Viño?.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

5.- Cál vai a ser a función a desenvolver polo Museo Galego do Viño dentro do sector vitivinícola e a cultura vitivinícola do país?.

6.- Qué conclusións se sacaron das xornadas? Cál será o contido museolóxico e arquitectónico do Museo?. Cándo empezará a funcionar o futuro Museo Galego do Viño?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**María Amparo González Méndez na data 05/02/2007 16:21:49**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 05/02/2007 16:21:59**

**Maximino Rodríguez Fernández na data 05/02/2007 16:23:02**

**José Manuel Baltar Blanco na data 05/02/2007 16:23:06**

**Roberto Castro García na data 05/02/2007 16:23:13**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 05/02/2007 16:23:21**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/02/2007 16:42  
**Nº Rexistro: 17037**  
Data envío: 05/02/2007 16:42:31

## Á Mesa do Parlamento

**Carlos Fernando Blanco Parga e Manuel Parga Núñez**, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión:

Durante o ano 2006 acometéronse diversas obras de reforma no Instituto de Educación Secundaria "Concepción Arenal" de Ferrol; previo á realización desta reforma, o 23 de Febreiro do 2006, a Dirección do Instituto solicitoulle unha entrevista ao Delegado Provincial da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, co obxectivo de planificar o funcionamento do Centro durante a realización das obras, esta solicitude nunca tivo resposta.

Logo da realización das obras, rematadas a finais do 2006, a Dirección do Instituto constata os desperfectos ocasionados polas mesmas e os traballos pendentes de realizar:

### Fachada Principal

- Obra pendente.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Tratado de fachada e pintura da mesma.

### Patio Frontal

- Canelóns-recollida de auga (porta).
- Reposición de terra na pista de atletismo.
- Colocación de alambrada e arranxo do muro.
- Reposición do taboleiro e canastra de baloncesto.
- Colocación de conexión eléctrica e posta en funcionamento da porta peonil.
- Nivelación e reposición de céspede no xardín que roda á pista de balonmán.
- Arranxo de farois deterioradas.
- Reposición da terra nos xardíns e pintado de parterres correspondentes.


### Patio Traseiro

- Retirada de escombros.
- Limpeza xeral.

### Ximnasio

- Remate da obra.
- Portas expansivas **(as instaladas non se axustan á normativa lexa)**.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/02/2007 16:42  
**Nº Rexistro: 17037**  
Data envío: 05/02/2007 16:42:31

- Limpeza do tellado.

### Tellado

- Recollida de escombros.
- Limpeza xeral.

### Vivenda do Director

- Reposición do cristal da fiestra da escaleira.
- Recollida de escombros.
- Limpeza xeral.

### Vivenda Conserxe

- Reparación desperfectos na electricidade.
- Reposición de pintura nos teitos e paredes deterioradas.
- Abono colchón.

### Salón de Actos

- Limpeza xeral.

### Aulas

- Reparación dos furados nos teitos en varias aulas.
- Pintura dos mesmos.
- Pintura das aulas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2007 16:42  
Nº Rexistro: 17037

Data envio: 05/02/2007 16:42:31

## Fontanería

- Instalación de acometida de auga na vivenda do Director.
- Reparación da instalación de calefacción dun local na vivenda do Director.
- Reposición da tubaría principal de auga do 1º andar e as súas correspondentes conexións.

Toda esta relación de defectos foi comunicada por escrito a diversos Servizos da Consellaría de Educación e ao propio Delegado Provincial sen que houbera resposta.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG, realiza as seguintes preguntas:

1.a) Cáles eran as obras de reforma contratadas no Instituto Concepción Arenal de Ferrol?

2.a) Porqué importe?

3.a) Qué obras considera a Consellaría que se realizaron correctamente?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/02/2007 16:42  
**Nº Rexistro: 17037**  
Data envío: 05/02/2007 16:42:31

4.a) Qué Servizo realizou o seguimento das obras?, detectou algunha deficiencia na realización das obras?

5.a) Porqué a Delegación Provincial non recibe á Dirección do Instituto?

6.a) Cándo se prevé arranxar os desperfectos denunciados pola Dirección do Instituto?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2007.

Asdo.: Carlos Fernando Blanco Parga  
Manuel Parga Núñez  
Deputados do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Fernando Blanco Parga na data 05/02/2007 16:41:03**

**Manuel Parga Núñez na data 05/02/2007 16:41:07**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, BEATRIZ MATO OTERO, CARMEN J. SALGADO NÚÑEZ e MARTA RODRÍGUEZ ARIAS**, Deputadas e Deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA ORAL** dirixida ao **Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural, solicitando resposta na Comisión 7ª –Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

A presenza en Galicia do Sr. Ministro del Interior do goberno de España, cando remata xaneiro de 2007, ven a demostrar, máis unha vez, a demagogia coa que actúan os responsables socialistas. Non hai moitos días, o Secretario Xeral do PSOE, Sr. Blanco, facía unhas declaracións –a respecto da futura A-76- que desacreditan a calquera responsable político pertencente a un país democrático, ninguneando ao Ministerio de Fomento dun xeito lamentable. Ben é certo que ese Ministerio se ningunea a sí mesmo da man da súa máxima responsable, polo que respecta a Galicia.

Agora, o Sr. Pérez Rubalcaba –e en relación cos incendios forestais- ven a prometer “máis medios que nunca” para Galicia.

Supoñamos que –logo das súas afirmacións no verán de 2006- viría a Galicia a dar conta das supostas tramas incendiarias das que daquela se facía eco, tentando desviala atención da nefasta xestión da Xunta de Galicia na crise incendiaria. Diso non dixo absolutamente nada.

É a hora das promesas, para o Sr. Pérez Rubalcaba. É a hora de tentar embaucar á cidadanía. É tamén a hora na que –dende a oposición- tomamos boa nota das súas promesas.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

Por tanto, as deputadas e deputados que asinan solicitan RESPOSTA ORAL ás seguintes cuestións:

1.- *¿Estivo presente o Sr. Suárez Canal na visita a Galicia, do Sr. Ministro del Interior do goberno de España ?.*

2.- *¿Qué medios extraordinarios dixo o Sr. Ministro que se ían enviar dende o goberno do Estado, para afrontar con éxito a campaña de incendios de 2007?.*

3.- *¿Qué persoal “mellor formado”, estará a disposición da Xunta de Galicia, para investigar e facerlle fronte aos lumes forestais, remitido polo Ministerio del Interior?. ¿Hai que entender entón que o persoal que traballou o ano 2006 na loita contra o lume, “non estaba preparado”?.*

4.- *¿Qué cree o Sr. Conselleiro de Medio Rural que aprendeu o Ministerio, en relación cos lumes forestais de Galicia?. ¿Poderíanse exportar eses coñecementos a outras Comunidades Autónomas do Estado?.*

5.- *¿Fíxolle partícipe o Sr. Ministro ao Sr. Conselleiro deses novos coñecementos que se teñen en Madrid, a respecto dos incendios?.*

6.- *¿Qué entende o Sr. Conselleiro pola expresión do Sr. Ministro: “el Estado no va a regatear esforzos”?.*

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Roberto Castro García na data 02/02/2007 17:03:38**

**María Amparo González Méndez na data 02/02/2007 17:03:49**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2007 17:08**  
**Nº Rexistro: 16994**  
Data envío: 02/02/2007 17:08:03

**Antonio Rodríguez Miranda na data 02/02/2007 17:03:58**

**José Manuel Baltar Blanco na data 02/02/2007 17:04:03**

**Beatriz Mato Otero na data 02/02/2007 17:04:10**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 02/02/2007 17:04:54**

**Marta Rodríguez Arias na data 02/02/2007 17:05:01**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, AGUSTÍN BAAMONDE DÍAZ, MANUEL S. RUIZ RIVAS e PILAR ROJO NOGUERA, Deputadas e Deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA ORAL dirixida ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural, solicitando resposta na Comisión 7ª –Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

O anuncio “a bombo e platillo” –por parte do Sr. Vicepresidente da Vicepresidencia do Sr. Quintana, e do Sr. Conselleiro de Medio Rural- de que 3.000 voluntarios vixiarán os montes de Galicia para disuadir aos pirómanos, forma parte da política de “imos facer”, propia do bigoberno –neste caso, na parte nacionalista do mesmo-.

O Sr. Quintana fixo o anuncio de que os 3.000 voluntarios formarán patrullas para rastrexar os montes “palmo a palmo” en 11 zonas de especial risco, pertencentes a 40 concellos das catro provincias galegas.

Parece ser que van recibir unha formación previa, sempre necesaria cando se tenta seguir o rastro dos pirómanos. ¿Cómo seguir os rastros, senón?. Tamén van colaborar na recuperación do terreo e na intendencia.

Tamén o Sr. Suárez considera que é moi importante “a coordinación cos concellos”, aspecto moi a ter en conta –considerando as afirmacións do Sr. Director Xeral de Montes, a respecto das sabotaxes que o ano pasado promovían os Sres. Alcaldes e Alcaldesas. Recoñecer agora que son útiles os que o ano pasado eran saboteadores, constitúe un cambio digno de ter moi en conta.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

Estas valoracións positivas exténdeseas o Sr. Suárez “ao labor das forzas da orde”. O ano pasado, ao Sr. Conselleiro non lle parecía útil a presenza do exército español en Galicia, como elemento disuasorio. E este criterio foille imposto ao Presidente da Xunta por parte do Conselleiro de Medio Rural. Este ano, parece que ten mudado de opinión, tal vez ao comprobar os resultados acadados en 2006.

Tamén valora o Sr. Conselleiro como positivo “un persoal mellor formado”. Agardamos que nos diga cómo, onde e cando se formou o devandito persoal, e xa lle solicitamos resposta a iniciativas neste sentido.

Asemade, tamén valora o máximo responsable da política forestal como positivo, “ que haxa unha organización con un responsable visible”. Eso é recoñecer que o ano pasado, a dirección do operativo era “invisible”, era “inoperante”, “era incapaz”, recoñecemento que se agradece, pola sinceridade que nela se amosa.

Pero debe ter en conta o Sr. Conselleiro de Medio Rural que foi o Sr. Pérez –Presidente da Xunta de Galicia- o que afirmou o ano 2006 que á fronte do operativo estaba él (o Presidente). Comprendemos que para o Sr. Suárez sexa máis visible o Sr. Vicepresidente que o propio Presidente, pero haberá que gardar as formas.

Polo tanto, as deputadas e deputados que asinan solicitan **RESPOSTA ORAL** ás seguintes cuestións:

1.- *¿Cales van a ser as funcións concretas dos voluntarios, nos montes de Galicia?. ¿Podería precisalas o Sr. Conselleiro de Medio Rural?*

2.- *Ao non ser axentes da autoridade, ¿poden entorpecer o labor daqueles?. ¿Poderían chegar a deter a un presunto pirómano?*





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

- 3.- *¿Alguén poidera entender que o voluntariado tenta suplantar funcións doutros colectivos?*
- 4.- *¿Están capacitados os voluntarios para realizar labores de restauración forestal, e outras?. ¿Onde se formaron ou van formar?*
- 5.- *Posto que os voluntarios van rastrexar “palmo a palmo” o territorio obxecto de investigación, no caso de detectar sospeitosos, ¿a quen ou quenes lles darán conta desa circunstancia?*
- 6.- *¿Van a compartir espacio de actuación os voluntarios coas forzas do exército?*

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Roberto Castro García na data 02/02/2007 17:05:28**

**María Amparo González Méndez na data 02/02/2007 17:05:37**


**Antonio Rodríguez Miranda na data 02/02/2007 17:05:43**

**José Manuel Baltar Blanco na data 02/02/2007 17:05:49**

**Agustín Baamonde Díaz na data 02/02/2007 17:05:54**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 02/02/2007 17:06:01**

**Pilar Rojo Noguera na data 02/02/2007 17:06:05**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2007 09:30  
Nº Rexistro: 17162  
Data envío: 06/02/2007 19:26:04


## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carlos Aymerich Cano e Pablo González Mariñas**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta oral en Comisión**, sobre os problemas causados en Lousa (Cerceda) polo transporte por estrada de carbón con destino Lignitos de Meira S.A. (Limeisa).

Desde o ano 1981 os veciños afectados veñen formulando denuncias (ante a administración autonómica, ante o Concello e a policía local de Cerceda, ante o SEPRONA da Guarda Civil - polas molestias causadas polo transporte de carbón, denuncias intensificadas apartir de 2002, cando a importación de carbón é maioritaria debido ao esgotamento do xacemento de lignito de Meirama. Os problemas derivan, fundamentalmente, das partículas de carbón que por acción do ar deposítanse nas súas casas, fincas, camiños etc. tinxindo todo de cor negra.

Mais os danos non son apenas estéticos. Afectan tamén á produción agrícola (perda de colleitas de todo tipo legumes, hortalizas, etc.) e máis tamén á propia saúde das persoas, agravando as doenzas respiratorias que padecen algúns veciños e veciñas, en especial os de maior idade.

En Xullo de 2003 a presión veciñal obrigou á empresa a asinar un protocolo de circulación de camións en virtude do cal Limeisa resultaba obrigada a adoptar unha serie de medidas, entre elas as que a seguir se relacionan:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2007 09:30  
Nº Rexistro: 17162  
Data envío: 06/02/2007 19:26:04

- O tránsito de camións cargados de carbón fariáse por unha pista situada polo interior do recinto de Limeisa pola parte traseira das casas. Esta medida deixou de se cumprir o pasado xoves día 1 de Febreiro.
- Acordouse que Limeisa había de instalar cortina de auga que impediría a saída do carbón do parque onde o mineral é almacenado, que é o que máis dano ocasiona. Esta cortina nunca se chegou a instalar.
- Incumprindo o acordo, o tren que transporta o carbón segue a facer o tránsito polo día.
- Instaláronse sistemas para a lavaxe das rodas dos camións antes da saída ás zonas de paso da xente da Lousa.
- Acadouse tamén o compromiso de elaborar un informe que cuantificase, casa por casa, os danos causados en cada vivenda, co compromiso de solucionar cada problema. Este compromiso foi cumprido apenas parcialmente.

Para alén do anterior, a Consellaría de Meio Ambiente instalou durante unha breve temporada uns medidores de contaminación en diferentes puntos da aldea que seica daban uns niveis de contaminación "aceptábeis" (sic), resultado que quizais teña a ver coas zonas escollidas para a súa instalación e cos momentos en que as medicións son realizadas.

Pola súa parte o Alcalde de Cerceda e o seu grupo seguen afirmando que as instalacións industriais do Concello funcionan correctamente, ao tempo que se negan a debater no Pleno municipal as iniciativas – mocións, rogos ou preguntas – formuladas polo BNG con ocasión deste problema.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2007 09:30  
Nº Rexistro: 17162  
Data envío: 06/02/2007 19:26:04

Así pois, á vista de canto se vén de indicar, formúlanse as seguintes cuestións:

Que medidas vai adoptar a Consellaría de Medio Ambiente para protexer o dereito dos viciños e viciñas da aldea de Lousa a un medio ambiente saudábel?

En concreto, que medidas vai adoptar a Consellaría para facer cumprir o acordo suscrito en Xullo de 2003 entre os viciños de Lousa e a empresa Limeisa?

Prevé a Consellaría de Medio Ambiente instalar medidores que permitan comprobar de forma constante e en tempo real a cualidade do ar na aldea de Lousa?

Santiago de Compostela, a 6 de Febreiro de 2007.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG

Asdo.: Pablo González Mariñas.

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo González Mariñas na data 06/02/2007 19:24:56**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 06/02/2007 19:25:00**



## Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

**M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés, Carmen Cajide Hervés, Carmen Acuña do Campo, Xaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga e José Tomé Roca,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a **seguinte pregunta oral en Comisión.**

O achegamento dos núcleos urbanos ao monte e o abandono das terras de labor que circundan os núcleos rurais son dous fenómenos que converten os lumes forestais nun novo fenómeno de protección civil e de gran perigo para propiedades urbanas e para as persoas que nelas habitan.

A Xunta de Galicia ten deseñado un plan de prevención para actuar nas faixas de protección arredor dos núcleos de poboación que, de acordo coa nota informativa da Consellería de Medio Rural “ *pretende acometer a limpeza de 2.200 núcleos rurais -cunha media de 10 núcleos por municipio- antes de que comece a época de máximo risco. Esta actuación vai permitir actuar sobre máis de 10.000 hectáreas, consideradas “zonas sensibles” pola súa proximidade a vivendas e outro tipo de propiedades* ” .

As deputadas e os deputados asinantes, conscientes de que este tipo de actuacións son esenciais para evitar situacións como as vividas no verán pasado, formulan a Xunta de Galicia as seguintes preguntas en comisión:

1.<sup>a</sup>) Con cantos, e cales, concellos se ten previsto asinar convenios para levar a cabo este tipo de actuacións?

2.<sup>a</sup>) Quen levará a cabo as tarefas de limpeza perimetral dos núcleos rurais, persoal contratado, empresas especializadas, cuadrillas de prevención e loita contra os incendios?

3.<sup>a</sup>) Cal é a función dos concellos neste programa de prevención?



Grupo Parlamentario

4.ª) Que medidas se pensan adoptar sobre as fincas privadas, en claro estado de abandono, situadas na proximidade dos núcleos rurais ou de vivendas illadas?

Paza do Parlamento, 5 de febreiro de 2007

Asdo.: Asdo.: M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
Carmen Cajide Hervés  
Carmen Acuña do Campo  
Xaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
José Tomé Roca

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 07/02/2007 11:19:25**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 07/02/2007 11:19:48**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 07/02/2007 11:20:00**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/02/2007 11:20:12**

**José Tomé Roca na data 07/02/2007 11:20:22**



## Á Mesa do Parlamento

**M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés, Carmen Cajide Hervés, Carmen Acuña do Campo, Xaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga e José Tomé Roca,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a **seguinte pregunta oral en Comisión.**

A prevención e eliminación das causas e dos elementos que poden contribuír a proliferación de lumes forestais debe ser prioritario en calquera política seria que pretenda acabar con este problema en Galicia.

Recentemente o Goberno Galego vén de anunciar que varios centos de voluntarios van a facer labores de vixilancia nos nosos montes coa finalidade de disuadir e denunciar a posibles incendiarios, función esta que sempre foi realizada pola sociedade rural tradicional e que hoxe, polos cambios de uso do territorio, quedou esquecida.

As deputadas e os deputados asinantes, en concordancia co exposto previamente nesta iniciativa, formulan a Xunta de Galicia a resposta as seguintes preguntas en comisión,

1.<sup>a</sup>) Este servizo de vixilancia, ten carácter extraordinario e/ou experimental circunscrito a zonas de alto risco, ou ben ten vocación de ser aplicado a todo o territorio forestal galego de xeito permanente?

2.<sup>a</sup>) No territorio non cuberto polo voluntariado, que mecanismos pensa por en práctica a Xunta de Galicia para que cumpra a mesma ou similar finalidade?

3.<sup>a</sup>) De quen dependen organicamente os voluntarios a que facemos referencia?

4.<sup>a</sup>) Teñen asinados protocolos de actuación diante das posibles casuísticas que poidan xurdir na súa función de vixilancia?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2007

Asdo.: Asdo.: M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
Carmen Cajide Hervés  
Carmen Acuña do Campo  
Xaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
José Tomé Roca



Grupo Parlamentario

## Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

-----  
**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 07/02/2007 11:23:54**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 07/02/2007 11:24:04**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 07/02/2007 11:24:13**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/02/2007 11:24:23**

**José Tomé Roca na data 07/02/2007 11:24:30**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Cajide Hervés, M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés e M<sup>a</sup> del Carmen Acuña do Campo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A agricultura ecolóxica define un sistema agrario cuxo obxectivo fundamental é a obtención de alimentos de máxima calidade, respectando o medio ambiente e conservando a fertilidade da terra, mediante a utilización óptima dos recursos naturais, excluindo o emprego de produtos químicos e procurando un desenvolvemento agrario e gandeiro sostible.

En Galicia, nos últimos anos estamos asistindo a un certo auxe de agricultura ecolóxica. Isto está contribuíndo a toma de conciencia por parte de consumidores e consumidoras das cuestións relacionadas coa seguridade alimentaria e os problemas medioambientais, e tamén a unha maior implicación da administración.

O desenvolvemento sostible debe conciliar a produción alimentaria, a conservación dos recursos non renovables e a protección do entorno natural, de modo que poidan satisfacerse as necesidades da poboación actual sen comprometer a capacidade de autoabastecemento das xeracións futuras.

Interesa a todos e a todas facer un gran esforzo en impulsar iniciativas encamiñadas a que no futuro poidamos contar cunha produción ecolóxica competitiva en Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas asinantes formulan á Consellería de Medio Rural as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

1.- Que valoración fai a Consellería de Medio Rural deste tipo de actividade do sector primario da nosa Comunidade Autónoma?



Grupo Parlamentario

2.- Que actuacións se teñen levado a cabo para fomentar e promover o consumo de produtos ecolóxicos?

3.- Que tipo de actuacións ten previsto realizar a Consellería de Medio Rural para promover e fomentar este sector?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4.- Como está estruturado o sector? Cantas asociacións, agrupacións, cooperativas, etc, existen?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2007

Asdo.: Carmen Cajide Hervés  
M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
M<sup>a</sup> Carmen Acuña do Campo  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 07/02/2007 12:15:45**

**María Soledad Soneira Tajés na data 07/02/2007 12:16:01**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 07/02/2007 12:16:13**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Cajide Hervés, M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés e M<sup>a</sup> del Carmen Acuña do Campo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no 152 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O 20 de xaneiro de 2006, “El Consejo de Agricultura” adoptou as directrices estratéxicas da UE para o desenvolvemento rural, cinco meses despois da adopción do Regulamento do Consello relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do novo “Fondo Europeo de Desarrollo Rural” (FEADER).

Estas directrices expoñen un enfoque estratéxico e unha serie de opcións que os Estados Membros poden utilizar nos seus plans estratéxicos e programas de desenvolvemento rural tanto nacionais como rexionais.

A futura política de desenvolvemento rural 2007-2013 deberá estar centrada nos tres eixes temáticos establecidos no novo regulamento sobre desenvolvemento rural: mellora da competitividade dos sectores agrícola e silvícola; mellora do medio ambiente e do entorno rural; mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural. Así mesmo o cuarto eixe, denominado LEADER, que introduce a posibilidade de enfocar o desenvolvemento rural dende o potencial do propio territorio.

Este novo período ofrece a posibilidade de reorientar as axudas do novo fondo de desenvolvemento rural cara ao crecemento do emprego e á sostenibilidade.

En canto ao cuarto eixe, o regulamento relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER) fai especial fincapé na aplicación do **enfoque Leader** nos fondos 2007-2013.



Grupo Parlamentario

Neste sentido, debemos recoñecer que algúns territorios da nosa CC.AA. fixeron e están facendo grandes esforzos na aplicación de dita estratexia no marco dos fondos Leader+, Proder e Agader.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas asinantes formulan á Consellería de Medio Rural as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

- 1.- Cal é a opinión de AGADER ao respecto de como e en que medida se está aplicando o enfoque Leader en Galicia?
- 2.- Cantos e cales son os grupos galegos que están loitando pola aplicación do enfoque Leader en Galicia?
- 3.- En que medida vai a ter en conta AGADER a aplicación do enfoque Leader na nova convocatoria 2007-2013?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2007

Asdo.: Carmen Cajide Hervés  
M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
M<sup>a</sup> Carmen Acuña do Campo  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 07/02/2007 12:19:00**

**María Soledad Soneira Tajés na data 07/02/2007 12:19:11**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 07/02/2007 12:19:22**

## Á Mesa do Parlamento

Manuel Santos Ruiz Rivas deputado do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión sobre o abandono que sofren os pantaláns do Porto de Riveira.

Dende a entrada do Goberno bipartito á Xunta o porto de Riveira está a sufrir unha inxusta e inxustificable actuación por parte do mesmo.

Primeiro foi a paralización dos proxectos de porto comercial de Riveira, logo o conflito de fachada marítima e a abusiva pretensión de cobro de taxas portuarias os hostaleiros da localidade.

O episodio do traslado “temporal” a Riveira do buque Sunny Jane prexudicando claramente a actividade comercial e o ataque no peirao foi outra actitude chulesca que debera sonroxar os mandatarios de portos. A estadía “temporal” está facendo que o barco forme parte da paixase portuaria de Riveira

Logo viñeron as denuncias de falla de limpeza dos exteriores da lonxa, a falla de seguridade dos portos de Palmeira e Riveira, e por si fora pouco, preséntase unilateralmente e sen o diálogo necesario o Plan de portos que vai condenar a Riveira a actividade comercial e cámbiase de ubicación a nova lonxa producindo a división entre os distintos sectores.

O goberno fala de potenciar o porto de Riveira como o principal porto pesqueiro de Galicia e mentres tanto está deixando esmorecer. Parece que tan solo a actividade recaudatoria preocupa a portos, cobrar os usuarios, cobrar os hostaleiros, cobrar ao Concello, cobrar aos vendedores ambulantes... e desenténdese unha vez mais dos servizos que debe prestar.

O último episodio constitúeno as denuncias dos mariñeiros do estado dos pantalans, onde se acumula o verdín cos conseguintes accidentes, a rotura da madeira, etc

E por iso que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión

Pensa a Xunta arranxar de inmediato as deficiencias dos pantaláns?

Pensa a Xunta utilizar o dispositivo de cámaras do Concello de Riveira, como este lle ten ofrecido, para vixiar as instalacións portuarias?

Pensa a Xunta vixiar o porto dalgunha outra maneira? ¿ de cal?

Pensa a Xunta indemnizar os mariñeiros accidentados polo deficiente estado dos pantaláns?

Ten “en proxecto” a Xunta calquera outra idea para seguir a “potenciar” o porto de Riveira?

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 07/02/2007 16:18:27**

## Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso e Ignacio López Chaves, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 Regulamento presentan a seguinte Pregunta Oral en Comisión.

O incremento do tráfico que se produce na ponte de Rande esta a punto de colapsar este importante viaduto, xa que como o amosan os datos dos pasados meses de xullo e agosto de 2006, o incremento de número de vehículos respecto a ano anterior e superior o 10% . Ante esta situación os axentes sociais da comarca de Vigo e o Morrazo, esixen e propoñen solucións como a construción dunha segunda ponte entre Vigo e o Morrazo, proposta que foi inicialmente descartada pola Consellería de Política Territorial sen haber estudado o proxecto en profundidade.

Polo dito, formulase a seguinte pregunta oral.

¿Que medidas concretas esta disposta adoptar a Xunta de Galicia para solucionar os problemas de tráfico e a accesibilidade de Vigo e a súa área de influencia?

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 07/02/2007 16:22:34**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 07/02/2007 16:23:00**

## Á Mesa do Parlamento

Alejandro Gómez Alonso e Angel Bernardo Tahoces, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 Regulamento presentan a seguinte Pregunta oral en Comisión.

O trazado do tren de alta velocidade o seu paso por Vedra e Boqueixón atopase paralizado polas negociacións que Fomento mantén coa empresa concesionaria da mina Ramsa; situación ante a cal os traballadores da mina defenden un cambio de trazado, baixo o argumento de que ó actual merma as posibilidades de subsistencia da explotación mineira de Ramsa.

Polo dito, formulase a seguinte Pregunta Oral:

¿Cal é a posición da Consellería de Política Territorial ante a proposta dos traballadores da empresa mineira Ramsa de un cambio de trazado do TAV Santiago-Ourense, o seu paso por Vedra e Boqueixón?

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 07/02/2007 16:24:17**

**Ángel Bernardo Tahoces na data 07/02/2007 16:24:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/02/2007 09:30  
Nº Rexistro: 17281  
Data envío: 07/02/2007 19:21:00

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á situación de conflito laboral que se vive no Servizo de Gardacostas de Galiza.

Estase a vivir na actualidade un conflito laboral no seo do Servizo de Gardacostas de Galiza que ten a súa orixe na aplicación da lexislación aprobada en tempos do Goberno do Partido Popular, sendo titular da Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos Henrique César López Veiga.

Efectivamente, a Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galiza, instituíu tres escalas neste servizo (técnica, executiva e de axentes), que están a representar na actualidade un auténtico problema para o persoal adscrito a este servizo, en canto á súa concreción práctica.

A maiores, incrementaba notabelmente a obsesión privatizadora do Partido Popular. Así, por exemplo, a Disposición Adicional Primeira da citada Lei 2/2004, indica literalmente:

*“A Consellaría competente en materia de pesca poderá habilitar o persoal contratado para tripular as embarcacións ou pilotar os medios aéreos de que dispoña para que poida proceder ao levantamento de actas e á emisión de informes sobre as accións que desenvolvan, tendo, única e exclusivamente para estes efectos, a consideración de auxiliar da autoridade pública.”*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Dábaselle así, na práctica, categoría de funcionario público aos empregados das empresas privadas (fundamentalmente REMOLCANOSA), outorgándolles portanto capacidade de presunción de veracidade, ou de realizar actos administrativos. Primeiro paso para a desaparición da inspección pesqueira como servizo público.


En calquera caso, o Decreto 157/2005, que desenvolve a devandita Lei de Gardacostas, tamén da autoría do Goberno do Partido Popular, situaba na indefinición máis absoluta as funcións dos traballadores e traballadoras do servizo, nomeadamente aqueles que pertencen á escala de axentes e que tripulan as embarcacións de vixilancia.

Consecuencia deste feito, e da ambigüidade existente no vixente marco legal, existen diferentes interpretacións sobre a concreción práctica dunha normativa que en ningún caso define quen vai exercer o mando dos buques, a xefatura de máquinas ou as labores de mariñeiría. Así as cousas, o conflito laboral está servido.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Cales son as previsións de modificación legislativa e normativa do Servizo de Gardacostas de Galiza?

2.<sup>a</sup>) Que negociacións se están a levar adiante para solucionar o conflito laboral?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/02/2007 09:30  
Nº Rexistro: 17281  
Data envío: 07/02/2007 19:21:00

3.<sup>a</sup>) Cales son as previsións de futuro para a mellora deste servizo, garantindo sempre o seu carácter público?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2007.

Asdo.: Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 07/02/2007 19:20:02**



## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

Manuela López Besteiro, Carmen Janet Salgado Núñez e Jaime Castiñeira Broz, deputadas e deputado pertencentes ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.

A Ministra de Sanidade visitou o día 30 de xaneiro un centro educativo de Lugo onde se realizan “almorzos saudables” e valorou positivamente a iniciativa porque é unha forma eficaz para combater a obesidade infantil, problema sanitario que se está a agravar de xeito exponencial segundo a visitante.

Despois, a Sra. Ministra de Sanidade “votou unha carreira” pola muralla de Lugo acompañada dos escores.

Ante as súas manifestacións e actuacións, os deputados asinantes desexarían coñecer:

- 1.- ¿En cantos centros educativos de Galicia se celebran “almorzos saudables”?
- 2.- ¿Que produtos se consumen nestes almorzos?
- 3.-¿ Cantos días se realizan estes “almorzos saudables” en cada centro durante o curso escolar?
- 4.-¿ Ten previsto a Conselleira de Educación, ou a de Sanidade ou ámbalas dúas xeneralizar esta fórmula de “almorzos saudables” en toda a Comunidade?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



***Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia***



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/02/2007 10:09  
**Nº Rexistro: 17283**  
Data envío: 08/02/2007 10:09:32

**Manuela López Besteiro na data 08/02/2007 10:07:00**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 08/02/2007 10:07:12**

**Jaime Castiñeira Broz na data 08/02/2007 10:07:20**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

Manuela López Besteiro, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Na segunda quincena de xaneiro, os claustros de profesores de Lugo recibiron unha invitación do Sr. Alcalde da cidade dirixida a tódolos directores e profesores dos mesmos na cal os convidaba a asistir a unha "Festa da Cidadanía" que tería lugar o día 25 de dito mes.

Pero na cita non se festexou ós cidadáns, nin tan sequera se falou da educación do espírito cidadán, senón que foi un mitin do Sr. Orozco, do Sr. Blanco e do Sr. Pérez Touriño.

Por isto, a deputada asinante desexaría saber:

¿Pensa a Sra. Conselleira de Educación que os centros educativos e os profesionais do ensino deben ser utilizados nesta cerimonia de confusión na que se mesturan as institucións e os corpos públicos con fins estritamente políticos e electoralistas?.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuela López Besteiro na data 08/02/2007 10:08:54**

Á Mesa do Parlamento

Susana López Abella e Marta Rodríguez Arias, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta Oral en Comisión.

O día 2 de febreiro no Diario Oficial de Galicia se publicou unha resolución de 16 de xaneiro de 2007 pola que se procede a publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se establecen axudas individuais para o tratamento de drogodependencias, incluídas as alcohólicas en comunidades terapéuticas.

No mencionado DOG se desvelaron os datos persoais dunha trintena de persoas relacionadas coa drogodependencia e beneficiarias da mencionada subvención.

Por todo isto, as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

Non considera o Goberno que este feito, atenta contra os principios constitucionais básicos dos cidadáns, que viron publicados os seus datos no DOGA, como o dereito a honra e a intimidade persoal?

Se teñen tomado as medidas oportunas e necesarias para depurar responsabilidades ante este lamentable feito? En caso de ser así, cales son as medidas concretas?

Que accións se teñen levado a cabo por parte do Goberno para compensar o feito irresponsable de facer públicos os datos que atentan contra a intimidade das persoas, cuxa identidade foi desvelada e relacionada ca drogodependencia no Diario Oficial de Galicia do día 2 de febreiro?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Susana López Abella na data 08/02/2007 11:34:15**

**Marta Rodríguez Arias na data 08/02/2007 11:34:26**



## Á Mesa do Parlamento

Susana López Abella, Marta Rodríguez Arias e Pilar Rojo Noguera, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do artigo 152 de concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta en Comisión.

O Pasado 10 de marzo de 2006, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os directores xerais de Caixa Galicia e Caixanova, asinaron un protocolo cuxo ámbito de colaboración “será obxecto de desenvolvemento e concreción por medio dos instrumentos que procedan ou das actuacións necesarias para a súa consecución de conformidade coa normativa vixente. En ditos instrumentos reflectirase, a dimensión e alcance da cooperación, os compromisos de toda índole que asuman as partes...”

Entre as diferentes fórmulas que no marco do presente Protocolo se recolle con carácter prioritario, a constitución, dunha Sociedade Pública, a cal adoptará a forma de Sociedade Mercantil.

Deste xeito, unha vez constituída SOGASERSO, S.A, corresponderalle, como actividade inherente o seu obxecto, a construción, equipamento e xestión de toda clase de infraestruturas destinadas a todas as actividades de carácter asistencial e social, así como de prestación de servizos...

O 28 de novembro do pasado ano, a través de unha nota de prensa publicada pola Vicepresidencia se informaba que SOGASERSO, escollera as áreas para construír as primeiras cinco residencias para maiores: Ría de Vigo – Baixo Miño, Ourense comarca, As Mariñas coruñesas – Ferrolterra, Costa da Morte e Terras de Lemos – Chantada.

Por todo isto, as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta á Vicepresidencia de Igualdade e Benestar para ser substanciada en Comisión:

En qué situación se encontra o seguimento e coordinación das accións previstas no mencionado Protocolo de creación e constitución de SOGASERSO S.A?

Tendo en conta as diversas informacións xeradas dende Vicepresidencia a respecto da ubicación das distintas Residencias, chegando incluso a crear entre a poboación das distintas comarcas expectativas e mesmo desconcerto, cando ten pensado o departamento responsable tomar unha decisión en firme sobre as localidades onde se van crear os Centros Residenciais?

Cales son as datas previstas por parte do departamento responsable da Vicepresidencia para iniciar as obras dos distintos Centros Residenciais?

Canto ten previsto o departamento responsable da Vicepresidencia que entren en funcionamento as cinco residencias proxectadas por SOGASERSO?

Parlamento de Galicia , 5 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Susana López Abella na data 08/02/2007 11:36:58**

**Marta Rodríguez Arias na data 08/02/2007 11:37:07**

**Pilar Rojo Noguera na data 08/02/2007 11:37:17**

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**  
**ESTRUCTURA**

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
  - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
  - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
  - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
  - 2.1 INVESTIDURA
  - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
  - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
  - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
  - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
  - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
  - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
  - 3.5 MOCIÓNS
  - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
    - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
    - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
  - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
  - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
  - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
  - 4.2 INTERPELACIÓNS
  - 4.3 PREGUNTAS
  - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
  - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
  - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
  - 5.3 VALEDOR DO POBO
  - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
  - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
  - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
  - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
  - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
  - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
  - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
  - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
  - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
  - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
  - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
  - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
  - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
  - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
  - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
  - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
  - 8.2 PERSOAL
  - 8.3 ACTIVIDADES
9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
  - 9.1 INFORMACIÓNS
  - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



---

## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

---